



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 63

Sesión plenaria
21 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-dE9AOeZfW-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 (doc. núm. 23846, 11/PL-000011)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. (Punto único.)

O señor presidente explica o esquema do debate, así como os tempos das intervencións en cada rolda. (Páx. 6.)

Presentación do ditame da comisión: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 6.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 8.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 22.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 24.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 27.)

Debate conxunto dos estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 29.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 38.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 47.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 56.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 60.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 63.)

O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado) pide a palabra e intervén para agradecer o traballo realizado polos grupos e polo persoal da Cámara. (Páx. 66.)

O señor presidente comunica que o deputado don Martín Seco García (S), ao abeiro do artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces do 13 de outubro de 2020, pide a delegación de voto, para as sesións dos días 21 e 22, no portavoz do seu grupo parlamentario, don Gonzalo Caballero Miguez. (Páx. 66.)



Votacións do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O señor presidente explica o esquema das votacións. (Páx. 67.)

Votación das emendas ao articulado

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 53, 55 e 59 e 61 a 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación das emendas ao articulado núms. 4, 5, 14 a 19, 21 e 22 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 18 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 30 e 32 a 35, agás as núms. 4, 5, 14 a 19, 21 e 22 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade), e das emendas núms. 270, 271, 273, 274, da 297 á 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e a 348 á 358 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á sección 12 (Servizo Galego de Saúde). (Páx. 69.)

Votación das emendas núms. 270, 271, 273, 274, 297 a 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e 348 a 358 á sección 12 (Servizo Galego de Saúde) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 17 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación das emendas á sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: *rexeitadas por 18 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 71.)



Votación das emendas á sección 12 (Servizo Galego de Saúde), agás as núms. 270, 271, 273, 274, 297 a 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e 348 a 358, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención. (Páx. 71.)

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación do texto articulado do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: aprobado por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 72.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado das seccións 01 (Parlamento de Galiza), 02 (Consello de Contas), 03 (Consello da Cultura Galega), 20 (Consello Consultivo de Galicia), e das entidades públicas instrumentais Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais. (Páx. 72.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

Votación das seccións 01 (Parlamento de Galicia), 02 (Consello de Contas) e 03 (Consello da Cultura Galega) do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: aprobadas por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 72.)

Votación da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia) e das entidades públicas instrumentais Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: aprobadas por 42 votos a favor, 14 en contra e 18 abstencións. (Páx. 73.)

Votación das seccións e das entidades públicas instrumentais non votadas do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022: aprobadas por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 73.)

O señor presidente comunica que, realizadas as votacións dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas, quedan aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. (Páx. 73.)

Remata a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Entramos na orde do día. O punto único é:

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: O esquema a seguir é: presentación do ditame pola comisión; logo haberá o debate do articulado, para o que terán os grupos un tempo de quince minutos e unha réplica de cinco minutos; logo virá o debate conxunto do estado de gastos, por un tempo de trinta minutos por grupo e dez minutos no segundo turno.

Polo tanto, comezamos polo primeiro punto, que é a presentación do ditame da comisión, e para isto ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día de novo.

Grazas, presidente.

Procedo á presentación do Ditame da Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, verbo do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2022.

O proxecto de lei tivo entrada na Cámara, no rexistro do Parlamento galego, o 20 de outubro de 2021. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 20 de outubro de 2021, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento* e a apertura do prazo de presentación de emendas. As emendas á totalidade foron cualificadas o 11 de novembro de 2021. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión plenaria do 22 de novembro de 2021. As emendas parciais, que se detallan a continuación, foron cualificadas o 25 de novembro de 2021. Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 4 emendas ao articulado, 12 emendas aos estados numéricos, un total de 26 emendas. Por parte do Grupo Parlamentario do BNG, 35 emendas ao articulado, 431 aos estados numéricos, que fan un total de 466. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, 72 emendas ao articulado, 490 aos estados numéricos, que fan un total de 562. Polo tanto, en total hai 111 emendas presentadas ao articulado, 933 aos estados numéricos, que fan un total de 1.044.



A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 29 de novembro de 2021, designou os seguintes ponentes: por parte do Grupo Popular, don Pedro Puy Fraga como titular e dona Cristina Sanz Arias como suplente; por parte do BNG, dona Noa Presas Bergantiños como titular e dona Olalla Rodil Fernández como suplente; e por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo como titular e don Juan Carlos Francisco Rivera como suplente.

A sesión da ponencia tivo lugar o 30 de novembro de 2021 e nela rematouse o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á comisión, recomendacións consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Popular. Tamén recomendou a aprobación da número 31 do Grupo do BNG e de dúas emendas transaccionais elaboradas coas números 54 e 60 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

En relación coas restantes emendas, a ponencia, por maioría, recomendoulle á comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios do BNG e dos Socialistas de Galicia. As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a comisión. A comisión, reunida os días 7, 13 e 14 de decembro de 2021, aprobou por maioría o informe emitido pola ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas, polo tanto, mantidas para este pleno é o seguinte: por parte do Grupo Parlamentario do BNG, 34 emendas ao articulado e 431 aos estados numéricos, que fan un total de 465; e, por parte do grupo dos Socialistas de Galicia, 70 ao articulado e 490 aos estados numéricos, que fan un total de 560. En total, temos pendentes para debate no día de hoxe 104 emendas ao articulado e 921 emendas aos estados numéricos, que fan un total de 1.025.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 13.117.948.261. O texto articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 63 artigos, agrupados en 6 títulos, 15 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de crédito. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. E, finalmente, o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria contense no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que proximamente se tramitará tamén en pleno.

Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a data da entrada en vigor.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, o debate do articulado coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, por un tempo de quince minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

Bos días, señor conselleiro.

Hoxe vanse aprobar os orzamentos da Comunidade Autónoma galega para 2022. A verdade é que se van aprobar sen ningunha sorpresa. Os socialistas xa sospeitabamos que ían ser aprobados tal e como entraran na Cámara hai dous meses, incluíndo as escasísimas emendas presentadas polo Partido Popular, sen ter en conta as achegas da oposición.

Os socialistas presentamos 563 emendas ao articulado e ao estado de gastos, co resultado de dúas emendas transaccionadas, é dicir, o 0,3 % das 563 emendas presentadas polo noso grupo; unha realidade que desbota unha vez máis as declaracións do Goberno galego e do Grupo Parlamentario do Partido Popular cando fala de diálogo e de consenso. Para vostedes o consenso tradúcese nese 0,3 %.

O articulado da lei é a columna vertebral das políticas públicas que se van desenvolver durante o exercicio, e os socialistas presentamos 72 emendas ao articulado, nas que propomos movementos en partidas orzamentarias por unha contía de case 466 millóns de euros. Presentamos emendas que, non sendo as contas que os socialistas presentaríamos se estiveramos gobernando, si reforzarían as políticas públicas, que para nós son prioritarias, en sanidade, en educación, en políticas sociais, en emprego, en vivenda, en industria ou en igualdade.

A Xunta de Galicia, pola contra, presenta uns orzamentos, coma sempre, con moita publicidade e moita propaganda, pero non emprega todos os recursos ao seu alcance para atender as persoas, para atender os sectores económicos, nin para reforzar o Estado de benestar, co fin de saír todos xuntos, e o menos desigual posible, desta grave crise económica, social e sanitaria.

Voltan ser uns orzamentos que carecen dun proxecto adaptado ás novas circunstancias. Volta ser unha oportunidade perdida, que non aproveitan os fondos procedentes do Estado e da Unión Europea para establecer a folla de ruta necesaria para a reestruturación económica e social de Galicia. Uns orzamentos que non poñen as bases para o necesario cambio do modelo produtivo galego para avanzar cara a un país máis cohesionado, máis verde e máis feminista. En definitiva, señor conselleiro, son unhas contas ordinarias para unha situación extraordinaria.



A crise da covid evidenciou, aínda máis, as debilidades das que xa adoecía a economía galega e que non foran superadas a pesar do crecemento económico continuado durante os anos previos á crise, cunha Galicia que perdera peso económico e demográfico no conxunto do Estado, debido fundamentalmente á inexistencia dunha política de impulso demográfico, á inexistencia dunha política industrial, á inexistencia de estímulo ao sector empresarial, ao abandono do rural ou á falla de investimento en I+D+i, provocando unha fuxida de talento cara a outras economías e impedindo que moitos xoves tiveran a oportunidade de desenvolver o seu proxecto vital na súa terra, aquí, en Galicia.

E non só o dicimos nós, señor conselleiro, non só o dicimos os socialistas, dino tamén os datos recentemente publicados do Informe de competitividade rexional en España 2021, que din que Galicia é sétima comunidade máis exposta a unha recuperación económica incompleta e desigual, perdendo unha posición no ránking, desprazada ata a novena praza, e quedando ubicada no grupo de comunidades cun nivel competitivo medio-baixo, no que só dúas comunidades cederon postos, só dúas, entre elas, Galicia. E os expertos do Consello Xeral de Economistas advirten de que Galicia está entre os territorios cun risco medio de facer descarrilar a transición, tanto pola súa situación de partida como polos posibles danos permanentes e estruturais que puido sufrir durante a pandemia.

Din literalmente: «Os baixos niveis de produtividade, os déficits de capital humano, a desigualdade social ou a insuficiente dixitalización poden lastrar a recuperación de determinados territorios e dificultar a consecución dos obxectivos perseguidos». E vostedes hoxe aquí vanse retratar, van elixir continuísmo con receitas que xa se mostraron fracasadas, con máis neoliberalismo e menos progresismo, e beneficiando os que máis teñen. Aínda están a tempo de rectificar e aceptar as propostas redistributivas de apoio á competitividade e ao Estado de benestar que presentamos os socialistas.

Esta crise tamén volve poñer en evidencia os recortes continuados nos servizos públicos dende que Feijóo está na Xunta de Galicia. Nestes momentos —non se ría, señor conselleiro—, cunha situación de pandemia como a que estamos a vivir, con vagas que nos recordan que non podemos baixar a garda e coa evidencia da precarización da sanidade nestes doce anos do Partido Popular na Xunta de Galicia, o Goberno galego presenta uns orzamentos que rebaixan a dotación en atención primaria e en saúde pública, mentres asistimos cada día ao *show* do presidente da Xunta de Galicia, máis pendente de botarlle as culpas ao presidente Sánchez que de solucionar os problemas do noso país. (*Aplausos.*)

Unha rebaixa á que vostedes, señores e señoras deputadas do Partido Popular, van premer dentro dun rato «si», apoiando un modelo que segue a ser máis precarización para a sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada, esquecendo a necesidade de introducir un cambio no modelo de atención primaria, mirando para outro lado, cando se fai máis evidente que nunca a necesidade de manter a vixilancia e reforzar o sistema pola súa importancia en todos os ámbitos: no sanitario, no económico e no social. Cando saben, ademais, que a saúde mental é a outra vaga que está preocupando, e moito.

Miren, Save the Children di que Galicia é a terceira comunidade con máis problemas de saúde mental entre os seus menores, e ante esta realidade o Goberno galego non pon os recursos



suficientes para poder atender as necesidades sanitarias dos homes e das mulleres do noso país. Pola contra, os socialistas non renunciaremos a acadar unha sanidade pública universal, gratuíta e de calidade.

Vostedes van votar en contra de incrementar 115 millóns de euros na dotación para sanidade pública, a que propomos os socialistas, que incrementaría en máis de 70 millóns de euros o orzamento para atención primaria, reforzaría as plantillas de persoal fronte ao despedimento de profesionais que está facendo o Sergas, reforzaría os hospitais comarcais, incrementaría o investimento en infraestruturas de atención primaria e fortalecería o sistema de ambulancias. Pero vostedes vanse retratar e van votar «non».

Os socialistas tampouco renunciaremos a acadar unha educación pública universal, gratuíta e de calidade, polo que propomos incrementar en máis de 79 millóns de euros este orzamento, o que suporía dotar cos recursos necesarios o reforzo que precisa a ensinanza pública, con máis profesorado, mellorando o sistema de comedores, con medidas de prevención do abandono escolar, gratuidade nas taxas universitarias, bolsas para o alumnado ou rehabilitación e mellora en centros educativos, entre outras. Pero vostedes van premer «non» a este incremento, pero van premer «si» a rebaixar en 15,4 millóns de euros en ensanzas especiais, secundaria e formación profesional, e servizos e axudas complementarias de ensinanza. E, aínda así, vostedes poden seguir dicindo que son os maiores recursos da historia para as familias en educación. A verdade é que o Goberno galego é o principal expoñente de cinismo político e menten sen poñerse colorados.

O mesmo acontece coas políticas sociais, o terceiro pilar do Estado de benestar. Vostedes tamén votarán «non» ao incremento que propoñemos os socialistas para poñer desde xa os recursos necesarios para a gratuidade dos nenos e nenas de 0 a 3 anos. Votarán «non» a que se reforcen os equipos de valoración da discapacidade, o persoal de inspección nos centros residenciais e de día, ou os servizos de atención temperá. E tamén votarán «non» a que se incremente a dotación de servizo de axuda no fogar, un custo que soportan fundamentalmente os concellos e que é urxente incrementar para que todas as mulleres que desenvolvan eses traballos teñan salarios dignos e rematar así coa súa precarización. *(Aplausos.)*

Tamén votarán «non» a que se estableza un plan de loita contra a pobreza. E quero pararme neste punto. A Rede galega contra a pobreza, no seu informe de 2020, di que en 2020 tiñamos 600.000 galegos e galegas pobres, o 22,1 % da nosa poboación total, e ademais 2,1 puntos por riba do ano anterior. E para este exercicio, señor conselleiro, para 2021 —cos orzamentos máis altos da historia e que se incrementaron en 1.575 millóns de euros—, no terceiro trimestre deste ano pois tiñamos 46.000 fogares con todos os seus membros en paro e 27.900 fogares sen ingresos.

Pero, aínda con estas evidencias, vostedes votarán «non» ás nosas emendas e premerán «si» a que se baixen en 42 millóns de euros os orzamentos que vostedes propoñen para a protección e inserción social, prestacións ás familias e infancia, servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade, apoio á conciliación ou servizos á xuventude. En fin, unha mostra máis de que para vostedes as políticas redistributivas que contribúan a diminuír as desigualdades son ciencia ficción.



Fronte ás propostas redistributivas dos socialistas, vostedes seguen a facer política que beneficia os que máis teñen. E voulle poñer, coma sempre, varios exemplos de a quen benefician máis as propostas do Partido Popular. Os socialistas presentamos unha emenda que vai na liña que apunta o propio Consello de Contas nos seus informes de fiscalización ano tras ano e que establece que para cada un dos beneficios fiscais que se aproben se establecen os obxectivos que se perseguen e os indicadores de cumprimento; é dicir, que se comprobe a efectividade destas rebaixas fiscais e que se comprobe a quen están beneficiando máis. En comisión vostedes votaron «non» e supoñemos que hoxe tamén van premer «non». E voulles dicir cales son as razóns polas que non aproban esta emenda, que favorecería os principios de transparencia e bo goberno que se supón que deben rexer todas as políticas públicas.

Vostedes van votar «non» porque nestes orzamentos o maior incremento dos fondos vén do Estado e da Unión Europea, mentres que así vostedes poden seguir con ese márketing fiscal que anuncia rebaixas fiscais que pouco incide na maioría da poboación, sendo a medida con maior impacto orzamentario a rebaixa nun 25 % na cota do imposto de patrimonio, favorecendo unha vez máis a minoría que máis ten e que algo debera contribuír tamén á reactivación económica da nosa terra.

Para 2022 vostedes mesmos cuantifican que a rebaixa no imposto sobre o patrimonio —é verdade que iso foi aprobado o ano anterior— vai supoñer unha mingua de 17 millóns de euros, 17 millóns de euros, señor conselleiro, que poderían empregarse para esa atención primaria, evitarían esa diminución vergonzosa e axudarían a reverter algo a precariedade acumulada durante doce anos de goberno Feijóo.

Mire, moitos dos beneficios fiscais que este goberno do Partido Popular anuncia a bombo e prato consisten en pequenos regalos a contribuíntes escollidos e que apenas teñen impacto na maioría da poboación. Vostedes anuncian unha rebaixa no IRPF que supón 1 euro ao mes para o soldo medio dos galegos e das galegas, é dicir, que están ao redor dos 20.000 euros, fronte a 492 euros ao ano en soldos a partir de 60.000 euros. É dicir, unha rebaixa que volve beneficiar máis aqueles que máis teñen, mentres que para a gran maioría esa rebaixa vai ser de 1 euro, 1 euro ao mes, que só serve para branquear os anuncios propagandísticos de rebaixas de impostos do Goberno galego. Pois os socialistas cremos que quen gana moito máis debera contribuír algo máis para fortalecer o Estado de benestar, sobre todo cando sabemos que a fenda entre as rendas máis altas respecto das máis baixas se teñen incrementado aínda máis durante esta pandemia.

Fronte a ese gasto que para estas contas ten a Xunta de Galicia grazas aos recursos que veñen do Estado e da Unión Europea, a Xunta de Galicia volve ningunear os concellos, negándose a abordar no primeiro trimestre do ano 2022 a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp; negándose a incrementar a contía do Fondo de Cooperación Local, que leva conxelada dende que o PP goberna na Xunta de Galicia en case 113 millóns de euros; ou negándose a establecer uns criterios obxectivos e pactados para a repartición de subvencións e convenios, para non seguir favorecendo aqueles concellos que teñen un goberno do Partido Popular como criterio obxectivo que máis peso ten.

Vostedes saben perfectamente que, mentres Feijóo gastaba as súas enerxías atacando o presidente Sánchez, pedindo máis recursos —que, por certo, despois demostra que non é capaz



de executar—, abandonou os concellos galegos, sen achegarlles ningún recurso para que puideran atender as novas necesidades xurdidas da covid, pero incrementándolles —como xa vén sendo costume— as responsabilidades e as competencias. Mire, ¿que sería, por exemplo, dos centros de educación se os concellos non asumiran as novas necesidades, que incrementaron exponencialmente o custo de manter os centros en condicións axeitadas para evitar a propagación do virus, cando as competencias son exclusivas da Xunta de Galicia?

Vostedes saben perfectamente que a achega aos concellos do Goberno galego para atender as necesidades xurdidas da pandemia foi cero euros —non lles dea ás cellas, señor conselleiro—, foi cero euros. E vostedes premerán «non» ás nosas propostas... (*Murmurios.*) Señor presidente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostedes premerán «non» ás nosas propostas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E as nosas propostas incrementarían os recursos para os concellos, ata chegar a 119,5 millóns de euros no Fondo de Cooperación Local. Crearíase un fondo adicional de 12,7 millóns de euros para repartir entre todos os concellos, con criterios consensuados coa Fegamp. Crearíase un fondo extraordinario covid e reforzaríanse os servizos sociais e as políticas de emprego...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente— infrafinanciados ano tras ano por este Goberno galego. Pero vostedes votarán «si» a que o financiamento dos concellos siga a estar nos mesmos niveis que hai doce anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, como non teño máis tempo, remato aquí a miña primeira intervención. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Este domingo o Parlamento galego celebraba os seus corenta anos e na conmemoración facíase inevitable a reflexión en todas as intervencións sobre o diferente que era a Galiza que



vai comezar 2022 respecto da Galiza de 1981, na que mesmo moitas das persoas que somos deputados e deputadas neste momento nin sequera tiñamos nacido.

E neste debate orzamentario que hoxe vai rematar, seguramente sen sorpresas, desde o BNG insistimos ao longo de todas as nosas emendas, propostas e intervencións nunha idea que para nós é clave, que é que a Galiza que vai comezar este ano próximo 2022 non ten que ver tampouco coa Galiza que había antes da pandemia.

Insistimos en que nos ciclos históricos hai períodos que a veces son curtos, que non necesitan do paso de catro décadas, pero que precipitan cambios, e agora pensamos que estamos nun deses momentos. Por iso, non só polo que supuxo en si a pandemia, que aínda segue connosco, senón porque a súa existencia tamén acelera e condiciona outros cambios ante os que non podemos poñer unha venda diante dos ollos, entendemos que estes orzamentos non están adaptados á realidade.

E poño exemplos. Por exemplo, diante dunha crise climática que supón un reto sen precedentes e que trae baixo o brazo ademais transformacións profundas tanto da sociedade como dos sistemas produtivos, temos evidentemente pois unha situación diferente. E desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a reflexión que facemos é que ante unha situación diferente debemos dar respostas diferentes.

Porén, o proxecto que se presenta, señor conselleiro —temos que insistir unha vez máis—, entendemos que está ancorado no pasado, que é un proxecto repetitivo dun goberno que no mellor dos casos pretende devolvernosa a foto de 2019 e que está atrapado no pasado e na inercia.

E despois de dous meses de debate pois non mudou nada significativo. Agás que ese atraso que tiveron vostedes en entrar nesta cámara de case nove minutos fose porque nos van dar unha sorpresa e van rectificar algún sentido do voto nas votacións, cuestión que nos parece pouco probable, pois desde logo hoxe o Partido Popular tombará a totalidade das emendas presentadas ao estado de gastos, 431 emendas, e tombará tamén a maioría das presentadas por parte deste grupo ao articulado, 34 de 35. En resumo, vai quedar o saldo dunha emenda aceptada de 466.

Eu non podo evitar recordar ao velo, señor Corgos, que vostede cando comezou no cargo facía moitos votos e fastosas apelacións ao consenso, pero, como era de agardar, pois trátbase do que tocaba, dunha pose de inicio de nova actividade, pero pódese aplicar aquilo que escribiu Quevedo de que *nadie ofrece tanto como el que no va a cumprir*, porque o resultado xa vemos cal vai ser. (Aplausos.)

E, brincadeiras á parte, a mala noticia é que se mantén unha folla de ruta que xa estaba obsoleta no momento en que estes orzamentos entraron no Rexistro da Cámara. Pero é que quedaron aínda máis obsoletos porque nesta longa tramitación de dous meses pasaron cousas, pasaron cousas ao noso redor, e quixeramos poñer algún exemplo.

Primeiro exemplo. Empeorou a conxuntura —iso é innegable—, empeorou a crise de subministracións e materiais industriais, empeorou por exemplo a suba de prezos —singular-



mente no sector enerxético—. Podemos poñer exemplos. O día que entrou o orzamento nesta cámara o megavatio/hora estaba en 201 euros, que xa era unha cifra que batía récords históricos e que nos enfrontaba a serios problemas; xa non era pouco. Pero é que hoxe, no momento en que se van aprobar, o prezo do megavatio/hora vai superar os 320 euros, o seu segundo récord máis caro da historia.

En segundo lugar, podemos poñer máis exemplos. Queda claro que a desigualdade social empeora e está infraestimada. Por exemplo, despois de que este proxecto pasara polo Consello da Xunta, vimos o informe da Rede galega contra a pobreza, que nos di cuestións tan importantes como que a poboación en risco de pobreza ou exclusión, a coñecida como taxa AROPE, aumentou. Ou que por primeira vez desde 2009 a taxa de pobreza relativa no noso país está por riba da media estatal; case 600.000 galegos e galegas atopábanse no 2020 por debaixo do limiar da pobreza. E estes datos aínda non amosan o impacto completo da pandemia, porque son do propio ano 2020.

E, falando da pandemia, temos que dicir tamén que, desde que entrou o orzamento nesta cámara, a situación foise complicando. Hai novas incertezas respecto á súa evolución. Hoxe escoitamos a palabra ómicron e parece que leva connosco moito tempo, parece que podería ser unha desas palabras que nas votacións que as academias fan no final de ano de palabra do ano podería competir; pero o certo é que non foi ata o 24 de novembro de 2021 que a OMS falou por primeira vez dela e notificou ao resto do mundo a súa existencia.

Estes, polo tanto, señores do Partido Popular, señor conselleiro, son exemplos de tres ámbitos (do económico, do social e do sanitario) que nos amosan ás claras como este orzamento, as medidas e as previsións que contemplan están xa obsoletas, non se adaptan aos retos que temos por diante no próximo 2022. E, polo tanto, está obsoleta tamén a parte que debatemos nesta parte do pleno, o articulado.

Nós podemos definir o articulado —por así dicilo— como manual de instrucións, o manual de instrucións do orzamento, o manual de instrucións para pilotar as decisións políticas que acompañan os números que hoxe se aprobarán, que nos di como se vai levar a cabo este orzamento e como son os vimbios que o sustentan. E, no lugar pois de ter un manual de instrucións novo para unha realidade nova, para retos novos e para un horizonte novo, temos o de sempre: un articulado repetitivo, no fondo e na forma, unha calcomanía empeorada dos últimos trece anos que pensa Galiza en pequeno, que basicamente amosa un minigoberno que os domingos reza polo autogoberno pero que os luns goberna sen ambición. (*Aplausos.*) É que é así. Está ben que lles guste a metáfora, señor Rodríguez, porque facer misas polo autogoberno está moi ben, pero estaría moito mellor que vostedes o empregaran.

E poñemos exemplos. Primeiro exemplo. Claro, neste articulado vostedes o que fan é, unha vez máis, aplaudir o marco estatal de restricións de gasto, que, aínda que transitoriamente está flexibilizado, vai volver. Vostedes apláudeno e asúmeno. Iso vai prexudicar Galiza. Vai prexudicar Galiza, entre outros motivos, porque lle atribúe ao Estado máis capacidade de gasto mentres a nós nola furta.

Un segundo exemplo podería ser que non só non apostan vostedes por empregar as súas competencias para impulsar un modelo fiscal máis xusto e redistributivo senón que van en



dirección contraria. Non espremen o autogoberno para crear novos impostos e co que xa hai o que fan é unha reforma claramente antisocial e regresiva, empeorada aínda máis polas propias emendas do Grupo Parlamentario Popular.

Un terceiro exemplo sería que non empregan a marxe que temos para blindar os servizos públicos. Por moita literatura que acompañen nos powerpoint das súas presentacións, afondan na drenaxe á privada, e despois poremos exemplos.

E tamén podemos dicir, en último lugar, que non inclúe medidas extraordinarias para o impulso da participación pública na economía nun momento no que a crise industrial deste país está nuns límites xa insupportables e que ten nomes e apelidos como Alcoa ou Vestas, que tampouco atopan solucións nestes orzamentos.

Polo tanto, insistimos: este articulado non é o manual de instrucións que precisa Galiza para as decisións económicas que ten que tomar no inmediato. Por iso desde o BNG presentamos unha batería de emendas, 35 emendas a este articulado, emendas alternativas que sinalan unha folla de ruta diferente, un cambio de rumbo, e o que deberían ser as garantías para permitir que a saída a esta crise sexa unha saída xusta e sexa unha saída galega que aproveite o gran potencial que temos como país.

Mediante estas emendas, dentro das limitacións dun texto deste tipo, marcamos este horizonte. Quixera sinalar algunhas das que nos parecen máis relevantes e que vostedes van votar en contra.

En primeiro lugar, propoñemos un bloque de emendas para blindar realmente os servizos públicos. É o caso da emenda número 3, ao apartado 1, de adición do artigo 9, que é algo tan importante neste momento, no que imos ir previsiblemente a unha redución de ingresos e a unha redución de capacidade orzamentaria, como que vostedes se comprometan a que se teñen que facer modificacións orzamentarias —que son tamén bastante especialistas en facelo—, pero, en todo caso, se teñen que minorar créditos, iso non vai afectar en ningún caso aos servizos públicos básicos.

Por exemplo, se por algún motivo o Estado español —¡oh, sorpresa!— non cumpre coas cuestións que ten apalabradas con Galiza; se por algún motivo os fondos europeos se demoran na súa transferencia; se por algún motivo algunha estimación dos ingresos foi real, porque a situación económica empeora, e, polo tanto, baixan, que vostedes comprometan que non vai afectar en ningún momento, como si fixo durante a crise e a xestión de 2009, aos servizos públicos máis básicos —escenarios todos eles os que acabo de describir nada irrealis—, e que comprometan que non van tocar sanidade, que non van tocar política social ou que non van tocar o ensino.

Porque, ademais, sabemos que esta é a fase final desa flexibilización do marco do déficit, que xa vostedes aplauden que imos retornar a el, o Banco de España advirte disto, que xa hai que apertar o cinto. Polo tanto, non hai un cambio de paradigma, e a isto vaise sumar a condicionalidade dos fondos europeos, da que tampouco sabemos demasiado aínda.



Polo tanto, pareceríanos especialmente importante, e vostedes van dicir «non». Van dicir «non» tamén, por exemplo, á emenda número 23, que afonda en que non se utilicen para os servizos públicos os mecanismos de colaboración público-privada, que foron ruinosos, como o caso do Hospital de Vigo.

Propoñemos medidas máis contundentes e restritivas para frear a descapitalización que vostedes fan do sistema público en ámbitos como a política social. Porque estes orzamentos afondan nesa liña. Nada máis e nada menos que máis de 74 millóns de euros van ir outra vez a mans privadas no caso das residencias para financiar empresas, como DomusVi, que fan negocio coa vellez. E, polo tanto, entendemos que esta non ten que ser a vía.

E insisto nese exemplo que eu puña do Hospital de Vigo, no que chove sobre mollado. Porque tamén, se examinamos ao longo do paso do tempo o ruinoso que foi ese negocio, vemos como vai incrementando a factura e como nestes orzamentos, se sumamos cuestións como o acordo marco para realizar derivacións de probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas en hospitais privados da área de Vigo, temos como hai un gasto de máis de 160 millóns de euros para a sanidade privada nunha das áreas máis poboadas deste país, cando poderían actuar vostedes para prestar os servizos directamente desde o sistema público.

Polo tanto, temos que insistir, unha vez máis, en que, vendo estes orzamentos, son vostedes, unha vez máis, como ese reverso malvado de Robin Hood, que drena recursos da pública para fornecer empresas privadas e ademais de forma selectiva e non competitiva. Polo tanto, este non é o noso modelo e evidenciamos nestas emendas que habería unha alternativa.

En segundo lugar, eu quixera falar de que propoñemos outro bloque de emendas para reforzar o persoal público ao servizo da Administración galega, porque non pode haber unha boa administración nin uns bos servizos públicos se non hai persoal traballando nela. E, polo tanto, insistimos en emendas orientadas á recuperación de dereitos, dereitos que foron suspendidos, como os do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta hai máis de dez anos e que non son recuperados e que falan de algo tan elemental como o disfrute dos días festivos. Ou a emenda número 9, ao artigo 13, relativo á contratación de persoal temporal da Xunta. Temos que insistir: están non só as numerosas sentenzas que están saíndo nestes días, senón tamén ese demoledor informe do Consello de Contas do que xa falamos nesta cámara e que nos di que Galiza é unha das poucas comunidades que ten hoxe menos persoal ao servizo da Administración pública que hai dez anos. Se iso non é recorte, pois non sei se vostedes lle chamarán evaporación do persoal público, (*Aplausos.*) pero desde logo é a realidade e súmase ao abuso das contratacións temporais.

Ou a emenda número 20 —que está moi ben que estea o señor Rodríguez acompañándonos neste debate—, que fai mención ao nomeamento do profesorado interino a tempo parcial nos centros docentes non universitarios.

Insistimos tamén en emendas para blindar o ensino público, porque ese informe do Consello de Contas tamén nos di que vostedes teñen o dubidoso mérito de ter destruído 2.500 prazas de docentes no ensino público deste país, 2.500, 2.500. (*Aplausos.*)



Volve haber levantamento de cellas. Non sabemos se o Consello de Contas está imbuído agora polo espírito de Venezuela, Bildu e dalgún tipo de radicalidade, pero desde logo é un organismo estatutario que nós respectamos, que vén de facer un informe demoledor, e quen ten que dar explicacións, en lugar de levantar as cellas, é o Goberno galego.

En todo caso —xa para rematar—, hai un terceiro bloque —poderíamos dicilo así— de emendas que basicamente pretenden afondar na mellora da xestión orzamentaria, dos recursos públicos, que non son do Goberno galego, que son de todos os galegos e galegas, na transparencia, na obxectividade, en ámbitos tan importantes como as entidades locais, para impedir que a Xunta de Galiza siga sendo o *modus operandi* da Deputación de Ourense, que haxa criterios obxectivos para as entidades locais, que se mellore tamén o control da transparencia e a equidade.

E aquí é onde nos tocou un pouco a lotería: acéptase unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Eu vouno agradecer, que non se diga que non somos agradecidos e agradecidas. É unha emenda que basicamente acurta o prazo de remisión de información ao Parlamento galego de trinta a dez días. Non lle quero restar importancia. Agora ben, é unha cuestión que coa tecnoloxía de hoxe en día tampouco é o máximo expoñente de cesión e consenso que podería haber por parte do Goberno galego. En todo caso, quede en acta o agradecemento, pero tamén a reflexión de que, sen quitarlle importancia, para nós é absolutamente insuficiente.

Neste contexto, polo tanto, se non hai mudanzas no sentido de voto, no sentido de aceptación das emendas, pola nosa banda tamén non haberá mudanzas na nosa posición negativa, porque este articulado, desde logo, non é o manual de instrucións que necesita o noso país para pensar un futuro con ambición, para pensar unha Galiza en grande e para deixar atrás os impactos negativos que ten neste momento o ciclo económico que estamos a vivir.

Polo tanto, con esta cuestión remato. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Creo que é indigno que, dez días despois de coñecerse a sentenza do Tribunal Supremo polo enchufe da cuñada da señora Carmela Silva, a presidenta da Deputación de Pontevedra non só continúe no seu cargo senón que, ademais, teña sido aupada á Presidencia do PSdeG-PSOE polo novo secretario xeral. Indigno, completamente indigno de quen o fai e indigno tamén de quen o apoia, de quen dende o Bloque Nacionalista Galego en Vigo pide explicacións e en Pontevedra a mantén no seu posto. *(Aplausos.)* Esa é a oposición que temos en Galicia. Esa é a realidade.



Señora Presas, permítame comezar cunha brincadeira. O certo é que nós lles aceptamos unha emenda e nos van votar en contra, e co Partido Socialista, que non lles aceptou ningunha na tramitación dos orzamentos do Estado, vostedes aí se absteñen. Iso é o rigor do Bloque Nacionalista Galego.

Fala vostede do prezo da luz e ¿míranos a nós? Mire os seus socios. ¿Quen goberna en España, señora Presas? Eu sei que vostedes a estas alturas estarían máis cómodos se en España gobernara o Partido Popular, para poder criticalo todo, pero goberna o Partido Socialista, ademais, pola súa responsabilidade, porque vostedes o fixeron presidente do Goberno co seu voto, con ese deputado que tanto fai por Galicia; ¡carallo!, mira se fai que fixo presidente do Goberno a Pedro Sánchez. Ese é o gran logro do Bloque Nacionalista Galego neste mandato. En Madrid gobernan os seus socios. E, polo tanto, cando fale da subida da luz, mire o señor Arangüena, que tanto bracea, porque xa non lle deixan falar. Mire cara a eles.

Mire, menos mantras. O gasto en sanidade privada, os concertos, eran maiores cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego en Galicia que agora, doce anos despois. Polo tanto, señora Presas, menos mantras, menos mantras.

Vostede critica a educación, pero ¿como se atreven a criticar a educación se somos a segunda comunidade autónoma con menos alumnos por aula, con menos alumnos por profesor? ¿Como se atreve se nós reforzamos o profesorado durante a pandemia con 2.300 profesores, cando foron necesarios? Temos creado 10.600 novas prazas nos últimos cinco anos. Ese é o noso compromiso coa educación. Polo tanto, non lle aceptamos ningunha das súas críticas.

E, señora Rodríguez Rumbo, eu entendo que agora está moi lonxe, pero pronto estará moi cerca, e entendo que ten que facer puntos para que iso aconteza. Pero o certo é que, por moi desesperada que sexa a situación do Grupo Parlamentario Socialista nestes momentos, o que non se pode facer é vir a esta cámara a mentir, literalmente mentir.

Mire, orzamentos de sanidade. Nós incrementamos o orzamento de sanidade un 30 % dende que chegamos ao Goberno, e ¿quen gobernaba antes? Vostedes. Nós investimos en sanidade pública un 30 % máis que vostedes. Temos un 15 % máis de profesionais que cando gobernaban vostedes; na sanidade pública, 42.000 profesionais, menos listas de espera, máis centros de saúde. Nós creamos ou reformamos 90 centros de saúde dende que estamos no Goberno galego. Máis e mellores hospitais, señora Rodríguez Rumbo: un novo hospital en Vigo, público; un novo hospital en Lugo, puxémolo en marcha nós. Obras de mellora e reforma e ampliación en todos, en todos os hospitais comarcais de Galicia. En marcha o novo CHUAC, o gran Montecelo, ampliación de Ferrol, iniciando os trámites en Santiago e tamén en Ourense. Como diría o presidente, ¿de que se nos acusa? (*Aplausos.*) Mire, nós apostamos por unha sanidade pública poñendo recursos enriba da mesa. E, polo tanto, non lle aceptamos as súas críticas.

Fálanos vostede de recortes e fálanos de incrementos, cando o único que incrementa o Partido Socialista é os impostos. Diso vostede esqueceuse, non falou absolutamente nada. O seu modelo é subirlles os impostos a todos os galegos, igual que fai o Goberno de España, o Goberno socialista.



Nós estamos moi orgullosos dos orzamentos que traemos a esta cámara para a súa aprobación definitiva, en tempo e forma, os orzamentos máis altos da historia de Galicia. Medran un 6,9 % con respecto ao ano anterior. Aumenta o gasto social: 610 millóns de euros máis con respecto ao ano 2021. ¿Onde está o recorte, señora Rodríguez Rumbo?, ¿onde está o recorte?

Incrementamos o gasto social: 4.580 millóns para sanidade pública, 2.695 millóns para o ensino público, 987 millóns de euros para os servizos sociais e 395 millóns de euros para o emprego. Ese é o orzamento do que nós nos sentimos tremendamente orgullosos.

Máis investimento para as entidades locais, por moito que a vostede lle moleste e por moito que vostede trate de mentir e de enganar a todo o mundo. O financiamento local medra 81 millóns de euros para o ano 2022. —Non lle dea á cabeza, señora Rodríguez Rumbo—. Non se pode vir a esta cámara mentir. Incrementamos o investimento nas entidades locais, é o maior investimento nas entidades locais da historia da nosa Comunidade, 500 millóns de euros, nestes orzamentos, 81 millóns de euros máis que neste ano. Esa é a realidade.

Mire, crece o investimento nas universidades públicas, como veñen de aplaudir recentemente os reitores das universidades galegas.

Reducimos os impostos, claro que si, porque estamos nunha situación difícil e nós non queremos ser unha carga engadida para as familias dos galegos e das galegas; vostedes, si. Vostedes fan política dende o Goberno de España meténdolles a man no bolsillo a todos os españois e retirándolles cartos ás economías domésticas, no momento no que máis o necesitan.

Fala vostede do seu mantra, o de sempre, o mantra dos recortes. O que está recortado é o enxeño do Partido Socialista, porque seguen vostedes coas mesmas críticas aínda que esteamos cuns orzamentos expansivos.

Gasto social —xa llo dixen—: 8.660 millóns de euros, 610 millóns de euros máis que neste ano. O gasto en sanidade medra en 2022 269 millóns de euros máis con respecto a este ano. ¿Onde está o recorte, señora Rodríguez Rumbo? O gasto en educación medra 179 millóns de euros máis que con respecto a este ano, serán 2.695 millóns de euros. ¿Onde está o recorte, señora Rodríguez Rumbo? O gasto en política social, 126 millóns de euros máis en 2022 que no ano 2021, ata acadar os 987 millóns de euros. ¿Onde está o recorte, señora Rodríguez Rumbo? 37 millóns de euros máis en políticas activas de emprego para o ano 2022, 37 máis que neste ano 2021, ata chegar aos 395 millóns de euros. ¿Onde están os recortes, señores do Partido Socialista? Non os hai, non os hai. Esa é a realidade.

Eu vou centrarme nas emendas ao articulado que presenta o Grupo Parlamentario Popular, e gustaríame explicar as tres emendas que presenta o noso grupo.

A primeira ten que ver coa nova liña de axudas á vivenda para mozos que a Xunta de Galicia porá en marcha para o ano 2022. O obxectivo desta iniciativa é avalar a compra da primeira vivenda a mozos menores de 35 anos, concedendo un seguro de crédito hipotecario ata o 15 % do valor total da compra. Isto permitiría que, xunto ao financiamento habitual que



ofrecen as entidades bancarias, os mozos galegos poidan financiar o 95 % da compra da súa primeira vivenda.

A segunda e a terceira emenda teñen que ver co aproveitamento das contías non executadas do Fondo de Continxencia. Propoñemos crear un mecanismo de garantía de investimentos públicos, que estará dotado cos remanentes de crédito orzamentario. Este é un instrumento que achegará financiamento para garantir a normal execución dos investimentos planificados no orzamento plurianual.

E, por último, queremos incorporar unha cuarta emenda, esta de carácter técnico, sobre a data de entrada en vigor destes orzamentos.

Señoría, o Nadal é unha época de tradicións. As familias reuniranse, póñense as árbores e os beléns nas casas —non nas do Bloque, pero no resto si (*Murmurios.*)—, cómpranse turróns e mazapáns e os partidos da oposición presentan —isto tamén é unha tradición— as mesmas emendas de sempre.

Vir a esta cámara ler as súas mesmas emendas, esa é unha tradición navideña. Dá igual que os problemas e as necesidades da sociedade galega cambien, dá igual que cambien os orzamentos, incluso que haxa unha pandemia global. O que non cambia nunca é a pouca imaxinación do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. O 90 % das emendas que presentan os grupos xa están vistas; vímolas o ano pasado, o anterior, o anterior do anterior e o anterior do anterior.

O PSdeG repite 60 emendas, só fai 9 novas; e o Bloque Nacionalista Galego, máis conservadores, repiten 31 emendas, só hai 4 novas. Vese —eu sei que lles molesta moito a crítica— que moito non traballaron, esa é a realidade. Pero isto xa nolo explicou o deputado Francisco Rivera hai un ano, cando dixo que, total, non se esforzaban moito porque, total, sempre lles votabamos en contra. Non, señores do Partido Socialista e do BNG, votámolas en contra porque non son positivas e non son boas para Galicia e para os galegos.

E, polo tanto, eu teño que dicirlles o mesmo que lles levamos dicindo durante os últimos anos. Miren, a metade das súas emendas son de imposible execución material ou incumpren obrigas legais. Esa é a oposición que temos en Galicia. A outra metade son inaceptables, por eliminar partidas que son imprescindibles para o traballo da Administración autonómica. E, en terceiro lugar, en moitos dos casos, señorías, as emendas son contraditorias entre si. Iso si, vostedes votaranse mutuamente, emendas que son contraditorias, porque, ¡joia!, para iso gobernan alá onde poden, ¿non?, pois para apoiarse nas duras e nas maduras.

Mire, sobre as emendas ao articulado do Partido Socialista, como cada ano, propoñen modificacións que non se poden realizar por este trámite lexislativo, a maioría porque contan con outros mecanismos orzamentarios máis adecuados para poder levalas a cabo, como o carácter ampliable que tratan de incorporar a múltiples aplicacións orzamentarias e que no caso de ser necesario pode realizarse a través de figuras orzamentarias ordinarias, e xa previstas na lexislación vixente.



Presentan múltiples emendas para pedir aclaracións lexislativas que non son necesarias, porque xa están recollidas en diversas normativas ou son simplemente redundantes.

Queren limitar as competencias do conselleiro de Facenda e da súa consellería, para redistribuír remanentes de crédito (*Murmurios.*) —si, é así—, o que vai en contra da flexibilidade orzamentaria, que se demostrou ademais tan necesaria durante todo este tempo de pandemia.

Propoñen diversas emendas para cambiar o Fondo de Cooperación Local, pero, como deberían saber, calquera modificación do actual funcionamento do Fondo de Cooperación Local require dunha modificación previa do sistema de financiamento autonómico e local, demanda que dende a Xunta de Galicia se ten pedido ao Goberno central de forma reiterada e nunca escoitada, señora Rodríguez Rumbo. Propoñen o incremento de múltiples transferencias sen determinar como financialas.

E, por último, quero destacar que piden a creación dun novo fondo para concellos por valor de 12,7 millóns de euros, que teñen exactamente os mesmos destinos que o fondo adicional da presente Lei de orzamentos. Esa é a realidade, pouco orixinais, para pedir o que xa está contemplado no fondo; en definitiva, para facer que fan.

Sobre as emendas ao articulado do Bloque Nacionalista Galego, quero dicir que resulta curioso que as súas emendas ataquen todos os niveis do ordenamento xurídico vixente; non deixan normativa autonómica, nacional ou comunitaria sen incumplir. ¡Total, que máis dá, se estamos na oposición e tampouco aspiramos a moito máis! Unha gran parte das súas emendas propoñen un ano máis o incremento retributivo do 3 %, algo que, como saben, non permite a normativa básica do Estado, pero vostedes propóñeno igual. ¿Por que? Para quedar ben. ¡Pero se saben que non se pode facer! ¿Por que non o piden onde hai que pedilo? ¡Ah, é que o PSOE non conta con vostedes, claro!

Este orzamento xa contempla o incremento retributivo máximo permitido pola lei. A normativa básica estatal tampouco permite cambios nas pagas extraordinarias nin outras propostas de esta índole que realiza o BNG. Como comprenderán, os orzamentos da Xunta de Galicia teñen que cumprir a lexislación vixente, e as súas propostas tamén deberían cumprila, se queren ser unha oposición seria; se queren seguir sendo o tipo de oposición que levan sendo durante as últimas décadas, pois sigan por ese camiño, pero o lóxico sería que as propostas que trae o Bloque Nacionalista Galego se adecuaran á lexislación vixente, porque, se non, estamos debatendo facéndonos trampas. Iso é o que fai habitualmente o Bloque Nacionalista Galego, facer trampas, propoñer cuestións que saben que incumpren a lexislación vixente e que, polo tanto, son de imposible execución, de imposible cumprimento.

Volven propoñer eliminar os artigos que regulan os módulos do ensino concertado. Se o fixeramos, deixariamos automaticamente sen pagar as retribucións de miles de docentes dos centros concertados de Galicia e deixariamos a milleiros de nenos sen escolarizar a partir do 7 de xaneiro. Supoño que ao BNG lle dá igual, porque, como incumpren a lei e como non teñen ningún tipo de responsabilidade, pois propoñen cuestións de imposible execución, cuestións ilegais, porque isto pode facelo o BNG, que é un partido antisistema, ¿Pero saben



que é o máis grave? O máis grave é que veremos nesta Cámara o Partido Socialista votar a favor destas cuestións. Esa é a oposición que temos en Galicia. ¡Vaia tándem!

Demostran un descoñecemento absoluto da normativa autonómica relativa a subvencións propoñendo medidas como o pago anticipado que xa están previstas ou en uso dende hai moitos anos. É que non se enteran. Fan unha oposición tan desastrosa que nin sequera saben o que xa está en funcionamento, e non de hai un ano, dende hai moitos anos. Está moi ben estar protestando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...por todo, pero logo hai que saber o que sucede no país onde un fai oposición.

Pola miña parte, nada máis.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, quero simplemente facer tres puntualizacións.

A primeira. A señora Carmela Silva non estivo, nin está imputada, non foi nunca investigada, non ten ningunha condena e non ten ningunha causa aberta. E, por certo, tampouco tivo «ningún bolso de la hostia». (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estaría ben que vostedes mirasen para todos os integrantes con responsabilidade do Partido Popular con causas abertas, que mirasen o número de condenados do Partido Popular ou as mentiras vertidas polo expresidente «M. Rajoy» en sede parlamentaria, no Congreso dos Deputados, onde negou que o Partido Popular estivera condenado por corrupción. (*Aplausos.*) Así que, leccións de honradez do Partido Popular, ningunha.

Segunda puntualización, señor Tellado. O Fondo de Cooperación Local, o fondo incondicionado que se aprobou no 2000 e nos doce anos de goberno do Partido Popular, segue a ser 113 millóns de euros —escasos—, e, se non, pregúntelles aos alcaldes e ás alcaldesas do seu partido.

Terceira puntualización. Os temas internos e organizativos do noso grupo e do noso partido non son da súa incumbencia; resolvémolos nós onde os temos que resolver.



Por outro lado, non nos veña falar vostede de pouco traballadores, porque vostedes, o Grupo Parlamentario do Partido Popular, con 42 deputados, presentaron 16 emendas, fronte ás 563 presentadas polo noso grupo parlamentario. (*Aplausos.*)

Non quero rematar a miña intervención sen poñer novamente de manifesto a preocupante situación demográfica do noso país. Vai haber un ano da aprobación desa Lei de impulso demográfico, que tardaron doce anos en aprobar, pero parece que, ao igual que moitas outras que vostedes aproveitan, van ser dereitos de papel, porque só quedan no papel. Porque as políticas que poden reverter a sangría demográfica do noso país son as de emprego de calidade, as dunha vivenda digna e asequible e as de servizos públicos de calidade preto da cidadanía.

Pero vostedes, señores e señoras deputadas do Partido Popular, van premer «si» a recortar nun 25 % as partidas para conciliación da vida laboral e persoal; van premer «si» a rebaixar en 43 millóns de euros a dotación de fomento do emprego ou a mellora da cualificación do emprego; e van premer «si» a rebaixar novamente, por segundo ano consecutivo, as partidas adicadas á mocidade. Mentres que votarán «non» á proposta dos socialistas para incrementar o orzamento para a mellora da empregabilidade. Porque miren, señoras e señores do Partido Popular, sen emprego de calidade, non hai lei de impulso demográfico que funcione.

Vostedes tamén van votar «si» ás políticas da Xunta de Galicia en vivenda manifestadas nestes orzamentos para o 2022, cando os únicos recursos que se destinan ao programa de acceso á vivenda son 40 millóns de euros, que veñen fundamentalmente do Estado e que son menos da metade do que se destinaba en 2008, cando presidía a Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño, a pesar de que os datos do Rexistro de Demandantes de Vivenda en Galicia seguen co colapso de 15.000 unidades de convivencia inscritas, que representan uns 50.000 galegos e galegas agardando por unha vivenda. E, por certo, é exactamente a mesma cifra que cando aprobaron o Plan de vivenda 2015-2020; é dicir, unha mostra máis de que vostedes aproban cousas para despois non facer nada; é dicir, ese «fan que fan» ao que nos teñen acostumados continuamente en doce anos de goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

¿Vostede sabe, señor conselleiro, que hai case 320.000 mozos e mozas galegas de entre 15 e 34 anos que se ven na obriga de vivir cos seus pais porque non poden emanciparse, porque non hai unha vivenda digna e asequible no noso país á que poidan optar, e que, ademais, son o 67 % da poboación na franxa desa idade? Por certo, é o dato máis alto desde que hai rexistros, segundo a enquisa Continua de fogares do INE.

Vostedes hoxe van aprobar un orzamento para 2022 que carece dun enfoque e de medidas necesarias para a reconstrución económica, social e sanitaria que precisa Galicia. Un orzamento que non achega respostas aos principais retos para impulsar o crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego. Un orzamento que renuncia a adoptar medidas máis ambiciosas e importantes que as contempladas neste Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade para 2022 presentado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

Polo que o noso voto, o voto dos socialistas, vai ser igual que o que manifestamos en comisión, vai ser en contra do ditame presentado. Estes orzamentos deberan estar á altura das novas circunstancias, coa aprendizaxe do acontecido durante estes máis de vinte meses



dende que se decretou o estado de alarma. Deberan ser uns orzamentos que pensaran na Galicia actual...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...nos seus problemas e nas súas necesidades presentes, cunha mirada posta no futuro, a curto prazo, para atender o máis inmediato e, a longo prazo, para poñer as bases do cambio económico e social do futuro que tanto precisamos. Pero vos-
tedes volven presentar uns orzamentos que volven ser unha oportunidade perdida, na que volven empregar os mesmos programas, só con incremento de contías, pero sen axustarse ás novas necesidades xurdidas, sen reverter os recortes nos servizos públicos, nos doce anos de Goberno Feijóo e sen apostar decididamente polo impulso industrial...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e empresarial.

Remato xa, señor presidente.

Son uns orzamentos que non van procurar a transformación que precisa Galicia para acadar unha sociedade máis vertebrada social e territorialmente, máis verde e máis feminista...;

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...polo que o noso voto vai ser en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Baixen o ton aí.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, veu vostede *on fire*. Eu non sei se tomou moito café hoxe ou se é porque cre que o sector oficialista salvou os mobles en Vigo así un pouco polos pelos. Non sei moi ben. Agora ben, xa que vostede dedica boa parte da súa intervención e das súas intervencións en xeral nesta Cámara a explicarnos ao BNG o que somos, a ver se nos explica un pouco tamén o do seu rolo de Vigo. Porque o de Ourense o teño máis entendido, en xeral, xa que, aínda que logo manteñen a Jácome no Goberno, hai así como unha asunción colectiva da vergonza que lles



provoca facelo, (*Aplausos.*) aínda que logo voten noutra dirección. Pero o de Vigo, claro... Eu preguntaría-lle onde quedaron os 4.500 militantes do Partido Popular que non votaron, porque creo que votaron sobre seiscentos e falaban vostedes de máis de cinco mil. Como fagan as contas dos orzamentos como fan as contas deste tipo, desde logo, en fin... (*Aplausos.*)

De todos modos, claro, unha das críticas fundamentais do señor Tellado é que presentamos emendas que temos presentado outros anos. Pois claro que si. ¿Como non imos presentar emendas semellantes se o articulado que vostedes nos presentan é unha calcomanía dos anos anteriores? Pois, en lóxica coherencia, nós seguimos defendendo as mesmas liñas económicas e pedimos emendas semellantes. Por iso, vostedes, como teñen o mesmo articulado nun contexto que cambiou radicalmente o futuro deste país e non son capaces de innovar, teñen que dedicarse aquí a facer de comentaristas da televisión. De todos modos, responderei a algunha cuestión por alusións.

O prezo da luz. Claro que os miro a vostedes. Primeiro, porque deseñaron o marco vixente —deseñouno o Partido Popular integramente, aínda que logo o Partido Socialista nunca o modificou—. E, segundo, porque vostedes algo poderán facer nestes orzamentos para que o papel produtor de Galiza teña algún tipo de beneficio ou para que a sociedade galega poida afrontar isto. Claro que os miramos a vostedes.

Ensino. É unha mágoa que xa marchara o señor Rodríguez. Fala vostede de alumnos por aula. Quedo sorprendida, porque este grupo parlamentario ten, desde o comezo da lexislatura, rexistrados artigos 9 pedindo os datos de alumnos por aula e vostedes non os remiten. Entón, terá vostede esa información privilexiada. Por favor, pásella ao noso voceiro de Educación. (*Aplausos.*) Ou, por exemplo, tamén os datos sobre as ratios urbanas. Pasen vostedes eses datos e vexamos que masificación hai nas aulas urbanas, señor Tellado, porque vostedes chapodaron 2.500 prazas de docentes en dez anos, nos dez primeiros anos de goberno. Iso dío o Consello de Contas, non é algo que estea dicindo o BNG. Polo tanto, iso non se fai sen prexudicar o ensino público deste país.

E se quere que falemos de onde están os seus recortes, pois falemos; falemos dos recortes acumulados, por exemplo, do ensino, cun desinvestimento acumulado de máis de dous mil catrocentos millóns de euros desde que vostedes gobernan; ou de atención primaria, con 47 millóns de euros menos no orzamento de hoxe que no de 2009 —xa sen ter en conta a evolución dos custos, que, entón, estaríamos falando de case trescentos millóns de euros menos—.

Pero vaíamos aos recortes que tamén hai neste orzamento respecto do orzamento do ano pasado; como, por exemplo, nun momento onde é evidente que as mulleres soportamos a degradación dos servizos públicos e esta crise está a supoñer unha volta ao fogar de moitas mulleres en papel de coidadoras, vostedes chapodan máis de medio de millón de euros en partidas de corresponsabilidade; pero así, alegremente, e o Goberno despois promete plans de igualdade, que, por certo, non cumpre na súa Administración pública, ou, por exemplo, un millón e medio de euros menos en comedores escolares, etc.

E logo non hai nada máis irreal que os propios orzamentos da Xunta, porque o Partido Popular critica as emendas do BNG porque emendamos mal e non sabemos facer as cousas ben, etc.



Pero é que, claro, vostedes pintan unha cousa nos orzamentos que despois é ciencia ficción. E xa que temos aquí a señora Quintana, podemos facer dos orzamentos irrealis da Consellería do Mar un exemplo. Xa escusaban vostedes orzar esa consellería, porque, para o que executa, xa era mellor que directamente non a orzaran. (*Aplausos.*) Ou o mesmo respecto da Consellería de Vivenda, porque nun momento onde eses datos de pobreza se traducen en que moitísima xente non é capaz de soportar o incremento dos prezos da vivenda, onde hai un problema fundamental na exclusión residencial, vostedes teñen partidas como o Programa 451B, de acceso á vivenda, que non executan tampouco, no que están 2 de cada 3 euros sen gastar. E, por riba, non implican tampouco nos seus orzamentos ningún cambio de modelo.

En fin, remato xa porque, se non, non me dá tempo de facer unha última reflexión.

A gran achega do Partido Popular a este debate é que hai cousas legais e ilegais que as decide o Goberno do Partido Popular, e decide que se pode ou non se pode debater neste Parlamento galego, que iso dá idea da súa calidade democrática. Señor Tellado, eu dígolle: mire, se podemos vir aquí, a este Parlamento, debater algunhas das chorradas que vostedes intentan poñer na vida política diaria deste país, pois, desde logo, claro que imos debater emendas fundamentais para este país como as que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Mire, é que precisamente o corsé autonómico está tan esgotado —tal e como o describía a nosa voceira nacional este domingo nesta mesma Cámara— que ata vostedes mesmos, nas súas emendas, fan emendas á Lei de acompañamento susceptibles de ser recorridas polo Tribunal Constitucional. (*Aplausos.*) ¡É que o marco autonómico lle queda pequeno incluso á dereita do desfasado que está, señor Tellado! (*Aplausos.*)

En todo caso, equívocase tamén nunha cuestión que dicía, que é en que non aspiramos a máis. Mire, desde logo, ninguén fai oposición —sobre todo oposición da oposición— mellor ca vostedes —iso recoñezollo—; agora ben, efectivamente, aspiramos a moito máis. E tan mala oposición non faremos se xa deixamos atrás ese Scenic do que vostede tanto nos falaba na anterior lexislatura. (*Aplausos.*) Nós claro que aspiramos a máis, aspiramos a gobernar este país..., (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aspiramos a ter a presidencia da Xunta e aspiramos a empregar o poder político deste país para mellorar a vida dos galegos e das galegas, señor Tellado. E, desde logo, niso seguiremos traballando.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa, señor presidente.

Este articulado non é o manual de instrucións que precisamos para a Galiza do futuro. E nós mantemos estas emendas e mantemos o noso voto en contra a este articulado que presenta o Partido Popular porque é o momento de máis autogoberno e de empregar este autogoberno para pensar nunha Galiza en grande, para fortalecer os servizos públicos e para impulsar un cambio de modelo económico e social que sexa xusto.



Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Pois, señora Rodríguez Rumbo, parece ser que a señora Carmela Silva é unha política exemplar. Iso si, foi a única que incumpriu a súa obriga de comparecer no trámite de orzamentos na Comisión 3ª deste Parlamento. *(Aplausos.)* ¡En hora boa! *(Aplausos.)*

Mire, ¿que quere que lle diga eu? Parece ser, segundo di vostede, que a señora Carmela Silva nada ten que ver co enchufe da cuñada de Carmela Silva. *(Murmurios.)* Se vostede queda contenta con esas explicacións, ¿que lle vou dicir eu?, ¿o contrario? Mire, se a vostedes os representa a señora Carmela Silva, porque é a presidenta do seu partido, ¡en hora boa!, pero permítame que lles diga aos galegos quen é a principal representante dos socialistas galegos: a señora Carmela Silva, que acaba de enchufar a súa cuñada no Concello de Vigo e que iso levou ao cárcere a un funcionario nada máis e nada menos que por cinco anos; por cobrar 100.000 euros do erario público sen ir traballar. *(Murmurios.)* Bueno, pois, oia, esa é a señora Carmela Silva e esa é a cuñada da señora Carmela Silva. E se a vostedes os representa, ¡parabéns! ¡Parabéns! ¡Alá vostedes! O que lle podo dicir é que as concelleiras socialistas non devolvían os bolsos e a miña compañeira Paula Prado, si, *(Aplausos.)* por suposto que si. *(Aplausos.)* Iso é o que nos diferencia. *(Aplausos.)* A señora Paula Prado en ningún caso é Carmela Silva e en ningún caso é como Carmela Silva.

Mire, fala de oídas. Falou vostede do Fondo de Cooperación Local. Non son 116 millóns, son 138 millóns de euros, un 20 % máis. Non se enteran, señores do Partido Socialista. Os fondos de cooperación local e os convenios cos concellos medran un 20 % ata acadar cerca dos cincocentos millóns de euros.

E, señora Presas, ¿que é o que pasa en Vigo? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Cóntollo eu! Fágalle caso ao seu único concelleiro en Vigo, que lle pediu explicacións á señora Carmela Silva. ¿Sabe que é o que ocorre? Que o BNG en Vigo pide explicacións e o BNG en Pontevedra apoia a señora Carmela Silva. Ese é o BNG, ¡son vostedes iguais en todos os sitios!

Quéixase vostede de que non coñece os datos de alumno por aula. ¡Oia!, está publicado, son datos do Ministerio de Educación. *(O señor Tellado Filgueira mostra un documento.)* *(Murmurios.)* Outra cousa é que o seu deputado voceiro de Educación non se entere. *(Murmurios.)* Están publicados, son fontes oficiais. Somos a segunda comunidade autónoma con menos alumnos por aula, e vostedes deberían estar satisfeitos e deberían congratularse porque é un bo dato. Pero para vostedes, se é un bo dato para Galicia, pensan que é un bo dato para o Goberno de Feijóo, e a vostedes próelles. Ese é o problema do nacionalismo galego: son vostedes máis



sectarios que defensores dos intereses de Galicia. Somos a segunda comunidade coa ratio alumno/profesor máis baixa. (*Murmurios.*) ¿E o BNG alégrase? Non, ao BNG próelle. Mire, por moito que lles proa, estes son uns grans orzamentos para Galicia.

Son uns orzamentos que non recortan, señora Rodríguez Rumbo. Hai que empezar esa lección básica do que sobe e do que baixa. Son orzamentos que soben o gasto social; 600 millóns de euros máis que neste ano 2021. «Máis» é máis, non é recortar, é incrementar. Polo tanto, deixen de mentir, porque a xente na rúa non os cre. Mire, sobe o gasto social, 600 millóns de euros máis; sobe o gasto en educación, sobe o gasto en sanidade, sobe o gasto en política social e sobe o gasto en emprego. Esa é a realidade.

¿Sabe o que sobe o Goberno de España, o seu Goberno, os orzamentos do seu presidente, do presidente Sánchez? Os impostos, para afogar a todas as familias, (*Murmurios.*) para afogar a todas as empresas e para rachar a competitividade da economía de todo o país. Vostede proponnos aquí que nós fagamos o mesmo, que afogemos as familias, que afogemos as empresas con máis impostos. Non conte con nós para iso; para iso xa está o Partido Socialista e Podemos; e para iso xa está a banda de pandeireiros da señora Ana Pontón, que veñen aquí facerlle os coros ao Partido Socialista. Niso é no que se ten convertido o Bloque Nacionalista Galego, ese que viaxaba nun Scenic e agora, logo de case vinte anos —a metade da etapa de autonomía— pisando moqueta, agora, efectivamente, xa non van en Scenic. Pois ¡noraboa!, ¡parabéns para vostedes!, pero a realidade é: ¿son vostedes útiles para Galicia? Eu creo que non; vostedes só son útiles para o seu propio partido político. E por iso os galegos, cando hai ano e medio foron consultados de quen querían que gobernase en Galicia, decididamente, contundentemente, dixeron que gobernara o Partido Popular; e a vostedes mandáronos á oposición. Repartiron distintos escanos, pero déronlles menos, e a nós, máis. ¿E saben por que? Porque nós temos un único pacto que é cos galegos para blindar a Galicia fronte ás tres crises que temos en fronte: a crise sanitaria da pandemia, a crise económica provocada pola pandemia e unha terceira crise, a que provoca o Goberno de Pedro Sánchez, que ataca as nosas familias recortándolles os seus ingresos, que ataca as nosas empresas, poñendo en perigo milleiros de postos de traballo. E mentres, o BNG, ¿que fai? O BNG saca a pandeireta e faille os coros ao señor Sánchez. ¡Bastante lamentable o papel do nacionalismo galego que representa Ana Pontón e o seu grupo!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós imos seguir traballando por Galicia facendo os orzamentos que precisa Galicia. (*Aplausos.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Eu entendín que o de «pandeireiros» é en ton coloquial. (*Protestas.*) Porque, ademais, vostede, señor Rivas, precisamente non é pandeireiro, (*Risos.*) é unha cousa máis..., unha cousa superior. (*Murmurios.*) Ímolo deixar aí, en cousa superior.



Pero non o considere eu no ton de querer insultar, (*Protestas.*) No,... (*Murmurios.*) ¡Por favor! ¡Home, creo que non! (*Murmurios.*) Digamos que é unha expresión metafórica que se utilizou aquí, (*Murmurios.*) pero non coa intención de insultar, se non, non o consentiríamos. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu creo que, bueno, estamos no tempo de Nadal e hoxe tamén se utilizaron aquí expresións que non se debían de utilizar, pero que eu non vou corrixir porque forman parte da dialéctica común, do que se fala por aí, (*Murmurios.*) penso eu... Alguén me dixo por aí unha expresión de que por que non mandaba retirar iso... Bueno, porque xa é algo asumido dialecticamente: admiración... Saben vostedes por onde ía, ¿non? Pois, iso. Entón, eu aí non vou entrar. Agora, moderen vostedes a linguaxe, claro. Eu non vou entrar niso.

Bueno, imos continuar.

Ao señor Caballero, ¿pódeno avisar? ¿Pode vir? (*Pausa.*) ¿Onde está? (*Pausa.*)

Bueno, imos co debate conxunto de gastos, que é o capítulo II.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión.

E, neste caso, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gonzalo Caballero Míguez por un tempo de 30 minutos.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, estamos no final dun debate orzamentario que ten unha inmensa importancia para os galegos e para as galegas. E, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista afrontamos este debate con responsabilidade de país, dende unha posición alternativa que mantén o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, pero, sen dúbida, coa vocación de tentar orientar unha reactivación que é fundamental para os galegos e para as galegas.

Quería empezar esta intervención cunha lembranza de quen foi conselleiro de Facenda deste Goberno, Valeriano Martínez, a quen, dende logo, botamos de menos, e tamén quería sinalar como traballou dende a súa opción política por unha Galicia mellor. E quero tamén desculpar a miña presenza na homenaxe que se lle rendeu esta semana, á que, por motivos de axenda, non puideron asistir.

Quería sinalar, señorías, galegos e galegas, que a situación económica do país é unha cuestión fundamental para o tempo que vén por diante. Eu teño dito nesta Cámara de forma insistente que na historia do noso país o 2020 foi o ano da chegada da pandemia, que o 2021 foi e é o ano da vacinación e que o 2022 ten que ser o ano da recuperación da Galicia poscovid cara a un novo escenario. E tamén sabemos que a situación sanitaria vai marcando todas as claves da evolución económica, que todo o que ten que ver coa economía ao longo dos últi-



mos dous anos veu marcado pola situación dunha pandemia que impediu un funcionamento económico con normalidade e que obrigou os estados e os poderes públicos a facer niveis de intervención excepcionais e a poder fomentar unha situación de benestar que cubrixe unha protección para a cidadanía, á vez que impulsase as principais variables macroeconómicas.

E é por iso que a situación da covid nos segue preocupando a todos e a todas porque a pandemia marca a recuperación e marca a situación económica. E temos que sinalalo un ano despois do último debate orzamentario, un ano despois no que sabemos que a vacinación estableceu un novo tempo para a saúde pública e tamén para a economía. Hai un ano estábamos debatendo como salvar o Nadal, e agora temos que debater como afrontar os retos económicos tendo presentes os riscos dunha sexta onda que a todos nos ten que preocupar. Porque hoxe en Galicia hai máis de mil trescentos contactos novos nun día, hai 15.856 cidadáns e cidadás galegos contaxiados, 241 hospitalizados e 51 persoas nas UCI, e porque sabemos que o ritmo de contaxios está sendo especialmente alto. Todos os que estamos aquí coñecemos algunha persoa —como todos os galegos e galegas— que está nestes momentos contaxiada, confinada ou en proceso de observación, e moitos deles tamén hospitalizados. A cuestión sanitaria ten que ser a cuestión fundamental para afrontar tamén a reactivación económica.

Dende logo, nós sempre respaldamos todas as medidas de protección sanitaria que o Goberno da Xunta adoptou co informe dos comités clínicos e queremos seguir facéndoo, pero temos que valorar tamén toda a previsión e as medidas da sexta onda con realismo no que ten que ver cos aforos e coas máscaras no exterior, que son relevantes, pero que, en todo caso, en Galicia están sendo utilizadas de forma común e xeneralizada pola poboación e tamén os retos que temos de rastrexo e de tests de antíxenos para a prevención do virus.

Temos que afrontar os retos da sexta onda con acerto, nunha situación na que a evolución está sendo peor do que se prevía cando se estableceron as bases destes orzamentos da Xunta, e isto vai marcar tamén cal vai ser a evolución económica do país e cal debe ser a actuación do Goberno da Xunta ante a evolución da situación pandémica ao longo dos próximos meses, porque sabemos que necesitamos afrontar ese reto con toda a solvencia no ámbito da saúde pública e no ámbito da sanidade. Por iso o Goberno da Xunta ten que estar sempre pendente desa evolución e actualizar os orzamentos e as súas medidas para unha Galicia que segue sufrindo día a día tantas consecuencias pola situación do virus.

E dicimos isto, ademais, nun momento en que tamén é certo que os últimos datos de previsión macroeconómica amosan que a evolución que se está dando non é unha evolución abrupta de recuperación económica, como algúns estaban plantexando. Neste momento sabemos que o crecemento económico en Galicia o ano pasado caeu por riba dun 9 %, que neste ano estaremos crescendo máis dun 5 %, proximamente a un 6 %, e que hai previsións que poden indicar que o ano que vén a taxa de crecemento da nosa economía poida estar no mesmo ámbito, pero todo dependerá de como fagamos fronte a eses retos sanitarios e da pandemia.

E queremos sinalar tamén nunha Galicia na que a economía vai marcar os retos da xeración de emprego, da desigualdade e do benestar, na que hai máis posibilidades, porque hoxe vo-



tamos uns orzamentos que incorporan fondos europeos e fondos extraordinarios do Goberno de España que permiten que a Xunta de Galicia poida gastar moito máis do que o facía en cuestións ordinarias. E ademais son uns orzamentos nos que Galicia vai poder convivir cun incremento dun dobre 30 %; un incremento dun 31 % dos fondos europeos que entran nos orzamentos da Xunta. Hai que sinalar que máis de cincocentos millóns de euros entran polo mecanismo de resiliencia e recuperación, por unha vía contra a cal votou o Partido Popular. Co voto do señor Casado no Congreso impediríase que nestes orzamentos máis de cincocentos millóns de euros puidesen fortalecer o benestar dos galegos e das galegas, e ademais coincidirían cun incremento do investimento do Estado en Galicia dun 29 % nos presupostos xerais do Estado.

Polo tanto, hai posibilidades e hai que ver como afrontalas. Nós desexamos que a Xunta xestione os tempos cos maiores éxitos. Pero tamén estamos preocupados porque vemos como o Goberno da Xunta segue facendo da inercia dun documento contable o seu eixo de referencia da política económica, utilizando os mecanismos que están dentro do ámbito competencial, de débeda, de gasto público, de financiamento ordinario, pero sen ter a capacidade de ter unha orientación para sacar adiante a Galicia e para impulsar o futuro de Galicia. Os orzamentos da Xunta de Galicia non están á altura do que os galegos e as galegas necesitan. Falta proxecto, desperdiciamos unha oportunidade, e non se garanten as tres claves de impulso da modernización económica, do benestar e da xeración de emprego, e ademais carecen de falla de diálogo, de falla de vontade de acordo, e son uns orzamentos ensimesmados na maioría absoluta do Partido Popular.

E estes orzamentos son uns orzamentos nos que o Goberno do Partido Popular para o ano 2022 se permite incrementar nun 6 % o gasto en persoal de confianza e de gabinetes á vez que despide 868 profesores de reforzo e máis de cincocentos profesionais sanitarios. Son uns orzamentos que desprezan as necesidades dos galegos e das galegas e que non acertan nas prioridades do noso país. Son orzamentos de dereitas, dun modelo conservador; sen modelo, sen estratexia. Son uns orzamentos nos que vostedes carecen dun modelo para a reactivación, carecen de compromiso co público e non teñen un compromiso coas políticas sociais.

Quero pedirlle ao Partido Popular que teña a valentía para orientar o futuro que non amosa coa apatía que ten para xestionar o presente. Non pode ser un goberno que pasa palabra ante cada un dos retos fundamentais que ten o noso país; non pode ser un goberno que non teña unha resposta para os problemas dos galegos e galegas do día a día.

Estes orzamentos non dan solución, como dixen xa nesta Cámara parlamentaria, a tantos galegos que nos están escoitando. Con estes orzamentos non se dá solución aos parados de longa duración do noso país. Con estes orzamentos non se dá solución aos maiores que están esperando unha praza nunha residencia pública. Con estes orzamentos non se avanza unha soa solución para os afectados polas crises industriais de Galicia en distintas áreas, dende A Mariña a Ferrolterra ou a Ence. Con estes orzamentos non dan vostedes máis posibilidades aos servizos públicos, nin á sanidade, nin á educación, nin ás políticas sociais, nin aos galegos que viven no medio rural, que seguen vendo como teñen menos posibilidades, menos opcións e que non se afrontan cuestións claves como o relevo xeracional ou nestes días o



que é evidente, as problemáticas que hai co sector lácteo e a mellora do prezo do leite. Con estes orzamentos vostedes non avanza na solucións de igualdade para os galegos e as galegas e, especialmente, nos temas de igualdade que fan referencia ás mulleres. Non hai avance, non hai proxecto; nin tampouco para os mozos e mozas, que seguen vendo as poucas posibilidades que hai para vivir no país.

É, polo tanto, o momento no que o Goberno da Xunta, despois de doce anos á fronte da Autonomía, debería tamén entender que en tempos novos son necesarias novas políticas para gañar o futuro, (*Aplausos.*) porque vostedes dan moitos indicadores de que Galicia creceu ao longo dos últimos tempos en moitas cuestións. E é certo, ao longo destes últimos corenta anos tivemos corenta anos de prosperidade, de democracia, de autogoberno, de avance. Claro que estamos moito mellor que hai corenta anos, pero se vostedes collen os principais indicadores, en termos comparados, a posición de Galicia segue estando na cola en moitas cuestións fundamentais.

Todo o escenario do mundo occidental de Europa e de España avanzou de forma substancial nestes últimos corenta anos de paz, de progreso, de modernización. Claro que o fixemos tamén en Galicia. Pero a posición comparativa que mantén Galicia para os galegos e galegas non mudou no substancial, seguimos estando na cola en moitos aspectos. A única clave que vostedes intentan poñer en valor é o feito de que nunha Galicia con menos xente, con menos poboación ocupada, con menos emprego real, teñamos unha repartición per cápita de certas variables que poden amosar unha falsa visión que non é real. Se vostedes están satisfeitos porque en Galicia existen determinados incrementos per cápita derivados de que hai unha poboación cada vez máis envellecida, de que cada vez sexamos menos, de que a xente nova se fora do país e de que hai menos poboación ocupada, o dato fundamental do país é que cando vostedes chegaron á Xunta de Galicia estaban descoñecendo a realidade na que vivimos os galegos e as galegas.

Polo tanto, ao longo deste tempo sabiamos que había dúas formas de afrontar unha crise económica. A crise podía afrontarse como fixeron vostedes, cando gobernaban tras a gran recesión, con políticas de dereitas, con políticas de recortes, con políticas que desconfían do público; ou podía afrontarse con políticas distintas, que son as que están marcando os gobernos de progreso ante esta grave situación que temos pola pandemia e que son políticas de progreso que permiten políticas económicas keynesianas, políticas de corte contracíclico, políticas que vostedes usan pero que non saben como usar. Vostedes poñen un traxe keynesiano, pero non saben como usalo. Vostedes van poder gastar moito máis diñeiro que en circunstancias normais, pero non saben como darlle un uso produtivo e poder aproveitar esa situación para que Galicia avance e para que Galicia recorte posicións de retroceso comparado que hai con respecto a outros territorios en España e en Europa.

Hai máis fondos, hai máis oportunidades, hai máis responsabilidade tamén para o Goberno, pero seguimos estando nunha situación na que non se avanza e na que eses 11.627 millóns de euros claro que van permitir facer moitas cousas.

Cando eu escoito o Partido Popular vangloriarse en sede parlamentaria de que fan moitas cousas de forma habitual, pois dígolle: claro que é normal que se fagan cousas cando vos-



tedes xestionaron, en termos constantes, máis de douscentos mil millóns de euros ao longo deste tempo de goberno da Xunta. ¡Claro, non ían levar o diñeiro para a casa! ¡Claro que fan cousas, claro que fan estradas e hospitais, claro que si! Pero a produtividade e a capacidade de sacarlle rendemento a todo ese nivel de posibilidades de gasto é un suspenso continuo por parte dun goberno autonómico que non consegue relanzar a realidade do país e mellorar a situación.

Hoxe vémolos tamén nestes orzamentos. Son unhas políticas expansivas que tiñan que facer fronte a cuestións fundamentais en igualdade, en redistribución, en investimento, pero non saben. Carecemos de política industrial en Galicia. Nestes orzamentos non hai ningún plantexamento sólido para conseguir impulsar e corrixir as eivas do modelo industrial de Galicia. Nestes orzamentos non hai unha política de I+D+i que poida impulsar o noso modelo produtivo cara a un novo escenario de ciencia e de innovación para estar na vangarda. Nestes orzamentos non hai un fortalecemento diferencial dos servizos públicos e do benestar, e incluso hai partidas que se recortan que resultan fundamente chocantes. E por iso os orzamentos suspenden.

¿Cren vostedes que con estes orzamentos os galegos e galegas van saber se imos facer fronte á modernización económica do país de forma punteira e de forma de vangarda? ¿Hai un modelo para facer fronte á dobre transición dixital e transición ecolóxica que é necesaria nos tempos en que vivimos? ¿Cal é o modelo innovador de I+D+i que está detrás destes orzamentos? ¿Cal é a política de medio rural máis alá de crer, como cren vostedes, que coa Lei de impulso demográfico se solucionan os problemas dos galegos e galegas para conseguir recuperar as taxas de poboación e de crecemento? ¿Cal é o modelo que existe detrás deste plantexamento de orzamentos para xerar emprego? ¿Cren vostedes que os galegos e galegas poden estar hoxe máis tranquilos con eses orzamentos sabendo que vostedes utilizan eses máis de once mil millóns de euros para conseguir impulsar o emprego e, especialmente, para os parados de longa duración, para as mulleres e para a mocidade?

Non hai unha resposta ás cuestións fundamentais, non hai un avance, non hai un modelo. Hai unha política de facenda sen política económica e sen política económica pensada para a xente. Ese é un erro, (*Aplausos.*) un erro grave que fai que estes orzamentos non nos permitan crer neles. É que vostedes teñen unha maioría que lles permite plantexar ese tipo de cuestións, pero esa maioría de ensimesmamento do Partido Popular non é a mellor canle.

Nós respectamos o Goberno do Partido Popular, desexamos que acerte, pero, ao igual que vimos hai un ano nos orzamentos da Xunta, estamos nunha política de inercia na que vostedes collen o documento contable de anos anteriores, incrementan as contías que chegan por fondos extraordinarios e non mudan a forma de facer os orzamentos nin teñen unha política económica para poder facer uns mellores orzamentos para os galegos e para as galegas. Refúxianse na maioría absoluta —maioría lexítima do Partido Popular— e prefiren dialogar con Casado en acordos con outras comunidades autónomas, pero non en acordos cos galegos e coas galegas nin en acordos con esta Cámara parlamentaria.

Polo tanto, cremos que están perdendo vostedes unha oportunidade histórica con fondos extraordinarios para relanzar Galicia, e é que, cando pase o tempo, os galegos e galegas sa-



berán que, despois de ter a maior posibilidade de gasto público ante unha crise económica como ten o Goberno do Partido Popular de Galicia, a están perdendo, a están desaproveitando, e non lle están sacando os rendementos e as necesidades que había.

E claro que hai cousas que nos chocan. Chócanos que baixen as partidas de atención primaria, que está saturada, que baixen as de saúde pública, as de formación do profesorado, as de protección e inserción laboral, as de prestacións a familias e infancia, que reduzan as prestacións á discapacidade nun 14 %, que lle dean menos apoio á conciliación, ao comercio, á mocidade..., a tantos ámbitos.

Pero, ademais, quero facer unha referencia hoxe tamén á política tributaria, porque ao Partido Popular lle gusta moito falar de emprego e de política tributaria, e vostedes en ambos os ámbitos son un desastre. Son un desastre para os galegos do común, do día a día. E sono porque, cando falamos de emprego, o Partido Popular en Galicia ten a mellor mostra, porque despois de doce anos de goberno do Partido Popular a evolución do emprego en Galicia é fundamente negativa. E non me contenten vostedes estudando as taxas de desemprego, porque detrás dos datos hai que saber falar dos datos e interpretalos. Calquera estudante de Economía sabe perfectamente que se vostedes o que están é reducindo a poboación activa cunha taxa de actividade das máis reducidas que hai na comunidade autónoma, claro que mantemos unha visión de que a taxa de desemprego se reduce porque non hai xente, porque a xente se vai. E ese é o éxito que ten o Partido Popular. Estuden vostedes os datos de poboación ocupada, estuden vostedes os datos de contratación e miren cal é o nivel de contratación a tempo parcial e a tempo completo. Estuden vostedes o número de horas efectivamente empregadas ao longo dun ano en Galicia e estarán vendo a enorme redución histórica que hai no emprego en Galicia. Porque incluso no número de postos estamos dando unha visión real. (*Aplausos.*) Fálennlles aos galegos e ás galegas da realidade porque, detrás do mantra de que todo vai ben, todos sabemos como é a realidade no día a día, tamén o saben os deputados do Partido Popular, que son cidadáns coma nós, por suposto, que coñecen a realidade e os problemas do emprego nas súas familias, nos seus concellos, no seu contorno e que saben que cando están dicindo que as taxas de desemprego van moi ben lles están contando unha milonga aos galegos e ás galegas que ninguén acaba de crer, e non pode ser.

Ao igual que hai un fracaso na xeración de emprego en Galicia, hai un fracaso enorme, para os que somos progresistas, na política tributaria. Porque vostedes seguen sendo herdeiros da tradición neoliberal que non cre no público. E cando incrementan en 507 millóns os gastos do investimento da Xunta polo mecanismo de recuperación e resiliencia, fixérono co voto en contra do PP, de Casado e dos seus deputados no Congreso. Hoxe non estarían nos orzamentos eses 500 millóns de euros se o Partido Popular gañase aquela votación.

Pero é que, ademais, alí onde vostedes teñen as competencias para poder recadar fondos, vostedes fan unha política que toma medidas que son regresivas. Eu xa sei que quen ten máis paga máis, pero estes orzamentos son a mellor mostra de que o Partido Popular amosou a súa cara máis retrógrada, máis regresiva, a súa cara de alianza cos millónarios de Galicia, coas rendas de quen ten máis de 100.000 euros en salarios cada ano. Esa é a cara do Partido Popular, porque o Partido Popular non admite as emendas, as propostas que facemos dende a oposición. Por exemplo, nós presentamos 491 propostas de modificación de gasto e non



admitiron ningunha, pero o Partido Popular si que modificou o plantexamento do Goberno da Xunta. Porque vostedes, cando escoitaron que o Goberno da Xunta promovía subir un pouquiño a tributación das persoas que en Galicia cobran máis de 100.000 euros ao ano, vostedes, os do PP, lle dixeron ao seu goberno da Xunta que non, (*Aplausos.*) que vostedes non queren cobrarlles aos millonarios, que queren baixar o imposto de patrimonio e que non lles queren dar ningún tipo de compromiso tributario a maiores ás rendas máis altas, e iso é unha mostra do que é o Partido Popular.

Para financiar a sanidade, para financiar a educación pública, para financiar as políticas sociais é necesario ingreso. E o único que escoito aos representantes do PP, dende o presidente da Xunta a todos os seus voceiros, é facer alarde do importante que é baixar impostos. Claro que é importante baixar impostos, pero é máis importante pagar a sanidade pública dos galegos e galegas, que queren ter unha vida en condicións dignas e que están nas listas de espera en atención primaria e en atención hospitalaria.

E claro que é necesario un reforzamento dese tipo de cuestións. Votades seguen crendo, señor Puy, que a curva de Laffer segue sendo a clave para poder recadar máis. É algo que ninguén cre en ningunha universidade do mundo, pero aínda o Partido Popular, si. ¿Que quere dicir? Que baixemos os impostos porque así conseguiremos impulsar a actividade e acabaremos recadando máis. Non se ve en ningún lado, nin tan sequera o levaron á práctica en moitos lugares, pero agora visten o traxe keynesiano, que é o que lles queda. O que vostedes están facendo é unha política que, se non tivese a garantía do Goberno de España para facer políticas expansivas, sería unha política igual á dos recortes que aplicaron na anterior crise económica, igual porque votaron en contra dos 500 millóns de euros que veñen polo mecanismo de recuperación e resiliencia ou igual porque soamente falan de baixar impostos; por certo, aos máis ricos, aos máis favorecidos.

Esa é a falacia do Partido Popular. Esa é a falacia do Partido Popular que ten nestes orzamentos unha mostra. Agora vostedes baixan 12 euros ao ano o IRPF a 800.000 galegos que teñen un salario medio, pero baixan 500 euros a 38.000 galegos que cobran máis de 100.000 euros ao ano. Aos galegos do común, a 800.000 galegos, báixanlles 12 euros; e a 38.000 galegos, que cobran máis de 100.000 euros ao ano, báixanlles 500 euros. Esa é a política fiscal do PP, a que lles baixa os impostos aos ricos e fai unha determinada propaganda dicindo que llelos baixa a todos. E logo iso hai que ver a que afecta, porque afecta a sanidade pública, a educación pública e as políticas sociais. E para iso con nós non poden contar, porque nós estamos na esquerda, estamos en plantexamentos progresistas, distintos aos do PP, en emprego, en política fiscal, en política..., por completo. Xa xestionaron a anterior crise e así nos foi, non conten connosco para iso. É por iso que hai que falar dos problemas dos galegos. (*Aplausos.*)

Mire, é que vostedes, detrás de todos eses números que dan, non queren dicir a realidade cando falamos de sanidade pública. Do ano pasado a aquí hai 500 profesionais sanitarios menos traballando no sistema sanitario público galego, porque rescindiron o contrato a profesionais sanitarios de reforzo que deron o mellor da súa vida nos momentos máis duros da pandemia, e vostedes aí recortan; porque hoxe hai en Galicia 900 camas hospitalarias menos que cando vostedes chegaron ao Goberno da Xunta de Galicia; porque aínda o ritmo de re-



cuperación da atención primaria presencial que vostedes anunciaron non se cumpre, segue dominando a telemedicina e a atención telefónica con listas de espera como nunca vimos en atención primaria e na sanidade pública; porque, en todo ese plantexamento, vostedes hai cousas que non queren recoñecer, e voulles dar uns titulares, porque están na prensa (*O señor Caballero Miguez le uns titulares de prensa.*): «Primaria avisa: se isto continúa así, haberá centros de saúde que acabarán cerrando». «*Esperas de hasta nueve meses para terapias infantiles en atención temprana hospitalaria*». Hoxe, na Guarda, unha manifestación, sen ir máis aló. «Queixas pola falta de médico titular no Centro de Saúde de Coristanco». «Convocan unha protesta en Ferreira para reivindicar os tres médicos para o centro de saúde». «Advirten de que os centros de saúde de Pantón van funcionar dous días, cunha soa consulta». É a realidade de Galicia. ¿En que país viven? ¿Non saben o que está acontecendo na sanidade pública? ¿Non saben que hai un nivel de retroceso froito dos seus recortes que é demencial?

¿E que solucionan estes orzamentos? Nada, porque cando nós lle dicimos, a través das nosas propostas, que hai que investir máis en atención primaria, que hai que facer maior investimento en persoal, incrementando o número de profesionais tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, cando facemos propostas para promover hábitos saudables ou para ter un plan de saúde mental máis potente, vostedes non o queren escoitar, non o queren incorporar.

Pero, se isto ocorre na sanidade, podemos falar tamén do que ocorre na educación no noso país. Unha educación na que vostedes rescindiron o contrato a 868 profesores de reforzo, que estaban contratados nos peores momentos da pandemia e que vostedes decidiron que non eran necesarios porque preferiron aumentar o número de alumnos por aula. E agora, neste momento, atopámonos cun escenario máis complexo: non cobren as baixas de profesorado. Hai máis de duascenas baixas de profesorado que o Goberno da Xunta non cobre. Hai máis de duascenas aulas que están pechadas agora e hai máis de dous mil contaxios vinculados aos centros educativos. E vostedes prefiren apostar por reducir do ano pasado a este o número de profesores de reforzo e por aumentar o número de alumnos por aula. E isto mete as familias, o conxunto do país, nun nivel de incerteza que é fundamente preocupante. Pero nese ámbito hai que apostar por máis profesorado, por cubrir as baixas de profesorado, polas melloras de comedores, porque podemos, ademais, reforzar as posicións financeiras das familias, permitindo que os libros de texto volvan ser gratuítos. E, para iso, nós facemos propostas e emendas e vostedes votan que non.

Pero se falamos de políticas sociais, pois tamén hai que ver como estes orzamentos non dan resposta aos problemas dos galegos e das galegas. Voulles dar uns titulares (*O señor Caballero Miguez le uns titulares de prensa.*): «Hoxe na comunidade hai 46.000 fogares con todos os seus membros sen actividade». «O gasto público en Galicia na atención a persoas dependentes é un 18 % inferior á media do Estado». «Hai un número moi importante de galegos, uns 450, que deixan de vivir cada ano estando nas listas de espera de atención en dependencia». E segundo o Informe de directores e xerentes de servizos sociais deste ano, Galicia está á cola de gasto social por habitante. ¿Estes orzamentos dan unha soa resposta a estes problemas do país? ¿Van mellorar esta situación? (*Aplausos.*) Porque, miren vostedes, estes datos eran iguais hai un ano, e seguimos igual un ano despois, porque hai moitos orzamentos, pero hai poucas políticas de cambio.



Por iso, nós plantexamos distintas cuestións porque cremos que é importante aumentar o persoal de inspección nas residencias, que hai que ampliar o equipo de valoración en discapacidade, que hai que mellorar a Rede galega de atención temperá e que hai que apostar por un plan de loita contra a pobreza. E, dende logo, tamén lle queremos dicir que vostedes acertan cando establecen a gratuidade para as escolas infantís. Iso, que é unha proposta que eu trouxen a esta Cámara en moitas ocasións, é algo que levan nestes orzamentos, e é un acerto, pero quero pedirilles, porque teñen fondos para facelo, que non fagan que as familias teñan que estar pagando as escolas infantís ata o curso académico seguinte, senón que dende xaneiro do ano 2022 fagan gratuítas as escolas infantís para todos os nenos e nenas do noso país, porque se pode facer, porque hai fondos extraordinarios para facelo e porque é unha decisión que vostedes poden tomar e que axudará a moitas familias que están sufrindo a crise económica a poder estar con maiores garantías.

Nós plantexamos propostas en moitos ámbitos, por exemplo, en mocidade, onde vostedes baixan as partidas de gasto, onde se pode levar adiante un plan de axudas do alugueiro, un plan de emprego xuvenil e onde podemos establecer as primeiras matrículas gratuítas no sistema universitario; tamén en cuestións de igualdade, onde hai tantos retos que cubrir que seguen pendentes, como levar os centros de información á muller a todas as comarcas e darlles capacidade suficiente e persoal; tamén se poden incrementar os fondos de igualdade, porque vostedes gastan aquilo que ten unha aplicación finalista pero deixan de facelo noutros ámbitos, porque hai que apostar por solucións habitacionais para vítimas de violencia machista e porque hai que apostar por programas de prevención; tamén medidas en cultura, en deportes, en memoria democrática, onde vostedes non orzan nada, porque non queren recuperar a memoria da dignidade democrática de tantas familias, de tantos galegos e galegas que loitaron contra unha ditadura e de tantos deles que incluso deixaron a súa vida. (*Aplausos.*)

Pero se falamos destas cuestións, tamén hai cuestións moi importantes que teñen que ver, ademais, cos problemas económicos e industriais. Acabo de facer un balance da súa eiva na Xunta e das políticas do benestar, pero hai que falar tamén das políticas industriais, das políticas de infraestruturas, da dobre transición e dos proxectos europeos. Vouno facer, señores deputados, na miña seguinte intervención. Pero quero sinalarlles algunha cuestión que é importante, porque, cando nós falamos da modernización do país, hai unha posibilidade cos proxectos europeos e cos fondos europeos. Xa sabemos que o Consello de Contas lles tirou das orellas a vostedes —si, señor conselleiro, si; tiroulles en varias ocasións—, porque vostedes non executan o 40 % dos fondos europeos que chegan a Galicia, 4 de cada 10 euros —e dío o Consello de Contas, non o digo eu—. Miren os datos e miren a realidade, o 40 % dos fondos europeos que chegan a Galicia con esta Xunta non se executan, e, polo tanto, temos que ver que, ademais de aproveitar eses 500 millóns de euros que veñen a través do mecanismo de recuperación e resiliencia, temos que ter un modelo para conseguir impulsar a modernización económica. E cada vez que pasa un mes estamos vendo como a Xunta segue desnortada en todo o ámbito da modernización e dos proxectos europeos. Sacáronse moitos proxectos, incluso vostedes fixeron unha comisión. ¿Que traballo están facendo agora? ¿Que plantexamento están facendo? Ningún, porque non é que non teñan a vontade, amosan que vostedes crean un chiringuito...

A señora PESIDENTA (Prado Cores): Vaia rematando, señor Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que vostedes marcan unha determinada pauta de anuncios, que un día din 6, outro día 300, outro día 8 e que carecen dunha visión de como construír o país.

Eu quero dicirlles, señoras e señores do Partido Popular, que estes orzamentos son unha oportunidade perdida para Galicia, que son uns orzamentos sen diálogo, que son uns orzamentos sen proxecto de país, que son uns orzamentos sen compromiso suficiente co Estado do benestar e cos servizos públicos, que son orzamentos sen impulso para apoiar o tecido produtivo e a modernización, que son orzamentos que desconfían das políticas de igualdade, de moci- dade e de memoria democrática, e que son orzamentos que carecen de política industrial e de resposta ao medio rural. Son uns orzamentos que son unha oportunidade perdida.

O Partido Popular mantense na inercia, nos brazos caídos, nas herdanzas das políticas neo- liberais sen saber como xestionar tal cantidade de fondos públicos de forma máis eficiente para protexer o benestar dos galegos e das galegas. Os orzamentos da dereita son os orza- mentos do Partido Popular, pero non os orzamentos que os galegos e galegas necesitamos para a Galicia poscovid, para modernizar a economía, para fortalecer o benestar e para xerar emprego. Hoxe os galegos e galegas saben que o Partido Popular non lles da novas esperan- zas nin novas oportunidades para o seu futuro.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Caballero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Señorías, Galiza vive un momento de cambios, e só quen non está neste planeta pode ignorar que hai transformacións profundas no mundo, aceleradas pola covid-19, polas que o noso país ten que resituarse. As consecuencias dunha pandemia que aínda está connosco, a escaseza de materias primas fundamentais para industria ou a escalada de prezos, singularmente dos ener- xéticos, son riscos e incertezas que están marcando o presente e que van condicionar 2022.

E a pregunta que temos que facernos neste contexto, e neste debate en concreto, é se estes orzamentos responden a esa realidade cambiante e se ofrecen os mellores instrumentos para enfrontala. Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que non. Uns orza- mentos, señorías, son para un goberno como unha especie de mapa, son como unha ferra- menta importantísima para un país e para un goberno, e podemos imaxinalos como un mapa, como un mapa co que orientarse no curto e no medio prazo, como un mapa que ten que axu- dar a seguir uns determinados camiños e que ten que axudar a salvar os obstáculos.

O certo é que o mapa que presenta este goberno neste proxecto de orzamentos ten moití- simas carencias. É como se houbo un terremoto e despois os responsables de facer a nova



cartografía replicasen absolutamente o que xa había, debuxasen as mesmas rúas, os mesmos camiños, sen ter en conta que o relevo, que o territorio, é agora diferente por causa dese terremoto. E iso, en resumidas contas, é o que pasa con este proxecto. Mudou o contexto, pero o que non mudan son as respostas e as políticas que presenta o Partido Popular, que non teñen en conta que, a novos obstáculos, son necesarios tamén novos camiños.

É evidente que ninguén ten unha bóla de cristal para sabermos que deparará o futuro, pero o Goberno galego elaborou uns orzamentos nos que desde o BNG entendemos que se parte dunha diagnose que está errada e que está baseada na inercia, e iso é un problema. É un problema, porque non hai capacidade de anticipación e é un problema porque non hai capacidade tampouco de reacción, e porque temos un goberno en piloto automático mentres que a realidade lle pasa por diante.

E quero insistir nunha cuestión que xa avanzabamos na primeira parte do debate, e é que desde que se presentou este proxecto nesta Cámara, hai xa dous meses, se era inútil onte, desde logo, no día de hoxe, quedou aínda máis ancorado no pasado. A forza da realidade fai que vaia quedando atrás, e podemos poñer exemplos.

Primeiro exemplo. Insistimos, a escalada do prezo da luz, lonxe de ser temporal ou remitir, como se estimaba na propia memoria de orzamentos, o que fai é consolidarse, aumentar. Estamos no segundo récord histórico, rozando os 330 euros megavatio/hora, seis veces máis que hai un ano, afogando familias e afogando tamén a economía. E a previsión é que isto siga así, que nesta mesma semana superemos os 400 euros megavatio /hora tamén pola alza do prezo do gas, que volve bater outro récord histórico.

¿E cal é a resposta nestes orzamentos? Pois simplemente non existe, e é certo que hai un problema de fondo. Este é un problema que non ten todo o mundo, isto é así, pero, claro, non todo o mundo ten o potencial produtor de enerxía que ten este país, e, aínda así, hai cero medidas nestes orzamentos para converter esta potencialidade nun vector de competitividade. E máis aínda, o que hai nestes orzamentos é que seguen vostedes poñendo unha alfombra vermella a un modelo eólico depredador. E xa sabemos por que, xa sabemos por que o Partido Popular fai isto: porque os abrazos do Partido Popular despois ás eléctricas os pagan con portas xiratorias. Esta mesma semana pasada viamos como Iberdrola engadía a señora García Tejerina á nómina de expolíticos a soldo, xunto con señores como Acebes ou Fátima Báñez, que imaxino que por esta bancada lles soará quen son. Isto explica moitas das medidas que non van ou que van nestes orzamentos. *(Aplausos.)*

O segundo exemplo que quería poñer é que esta escalada de prezos non é exclusiva do sector enerxético. A suba de prezos segue desfasada noutros ámbitos, e iso non só ralentiza o seu crecemento, senón que afoga directamente moitas familias, moitas maiorías sociais, as persoas máis vulnerables. A semana pasada coñeciamos os datos do IPC do mes de novembro, e segue esa vía de alza; ademais en novembro volveu subir máis en Galiza que no Estado, dúas décimas, e respecto de hai un ano iso tradúcese nun aumento dun 5,9 %, catro décimas máis nun ano que a evolución no Estado español. Iso, sen dúbida, ten un impacto; ten un impacto do que calquera pequena empresa deste país ou calquera galego ou galega é consciente, e é que lle custa máis no seu peto encher o depósito do coche para ir a traballar, pagar



a factura da luz ou pagar a vivenda. Pero queremos poñer o acento hoxe precisamente nos elos máis febles da cadea. Pensemos, por exemplo, nas máis de 250.000 persoas —que é máis de dúas veces a cidade de Ourense— que, segundo a Rede galega contra a pobreza, estaban xa en situación de pobreza severa no ano 2020. Son persoas ás que lles resulta imposible facer unha cesta da compra digna ou enfrontar o pagamento da vivenda porque teñen que sobrevivir con menos de 540 euros ao mes. Isto é un exemplo da fonda desigualdade social que hai neste país e que estes orzamentos renuncian a atender.

En terceiro lugar, o terceiro exemplo que quería poñer é que acontece o mesmo, están infraestimadas as circunstancias do noso arredor en ámbitos tan importantes como a industria. En ámbitos tan importantes para a economía como a industria, xa tiñamos neste país unha longa lista de empresas ao bordo do precipicio: empresas tan importantes como Vestas, como Alcoa ou como Barreras, que estes orzamentos ignoran. Tampouco hai alternativa para estas situacións e por riba agora sofren tamén a incerteza xerada pola crise de materiais e tamén polos cuellos de botella que afectan a loxística, sobre todo a automoción e a industria manufactureira.

Todo isto, estes tres exemplos —e poderíamos engadir máis, poderíamos falar da evolución da pandemia, que tamén rebaixa as previsións de crecemento e a recuperación—, presentan dificultades que estes orzamentos non abordan de forma suficiente. De feito, este mesmo venres o propio Banco de España rebaixaba as previsións de crecemento para o Estado español dun 6,3 % a un 4,5 %.

Nós confiamos en Galiza, confiamos na fortaleza deste país, pero, desde logo, é evidente que nun contexto económico como no que nos movemos estas circunstancias van afectar tamén, e desde logo non imos permanecer illados a estas tensións. Polo tanto, estes orzamentos chegan xa, na súa tramitación, absolutamente desfasados. E non só están desfasados, senón que, tal e como quedou claro ao longo dos debates sucesivos que tivemos, non son excepciónais nin nos montantes nin tampouco nas súas decisións políticas respecto dos gastos. E farei algunha reflexión sobre isto.

En primeiro lugar, sobre o montante, malia as lecturas triunfalistas que aquí poñen en común tamén a dous grupos parlamentarios, desde logo, máis alá da operación de maquillaxe que fai o Goberno, a realidade é que, comparado co orzamento do ano pasado, o incremento é de 64 millóns de euros, non incrementa nin un 1 %; polo tanto, temos máis ben unha conxelación orzamentaria.

En segundo lugar, o peso do orzamento da Xunta sobre o produto interior bruto segue a baixar, e xa non digamos se aplicamos a actualización respecto do IPC e comparamos co ano 2009.

E, en terceiro lugar, nestes orzamentos chamamos unha vez máis a atención sobre dous elementos. Un é que seguen a depender en máis dun 10 % de fondos extraordinarios. O problema dos fondos extraordinarios é que non se están aproveitando suficientemente ben e que son temporais; é dicir, que para o ano que vén non imos poder contar con eles. Iso significa que, en realidade, estamos ante uns orzamentos austeros, porque, ademais, esta cifra,



este 10 %, tamén está dedicada para amortizar débeda, e o problema da débeda é que non deixou de aumentar desde que vostedes gobernan; non serviu para blindar e fortalecer os servizos públicos. Temos esa débeda acumulada e supón xa tres veces o que é a Consellería de Emprego e Igualdade, por exemplo.

Polo tanto, ademais de reflectir claramente que estes montantes non son excepcionais, que estes orzamentos non son excepcionais, gustaríanos engadir tamén algunha reflexións sobre tres hándicaps, tres mochilas que acumula este goberno e que lastran tamén as nosas oportunidades de futuro.

En primeiro lugar, non podemos ignorar que, antes desta crise non financeira, houbo unha crise financeira no ano 2009 e que houbo decisións políticas que lastran o noso presente e que lastran tamén o noso futuro, e temos exemplos moi claros, por exemplo, no ámbito sanitario, no ámbito da deterioración dos servizos públicos, como a atención primaria. É que atención primaria acumula un recorte de máis de 2.400 millóns de euros que explica moito a situación de hoxe.

En segundo lugar, é evidente que á volta da esquina temos outra vez a espada de Damocles do marco do déficit. Xa está claro que no seguinte exercicio orzamentario teremos que aplicalo. A Xunta tamén fala abertamente de dar por rematada esta fase de flexibilización, e iso vai facer que imos ter menos recursos para poder asumir necesidades candentes como o ámbito sanitario, mentres, ademais, o Estado español acumula máis capacidade de gasto en detrimento de que comunidades ou países como Galiza poidamos desenvolver as nosas competencias.

En terceiro lugar, a isto temos que sumar a situación dos fondos europeos. Eu quero insistir unha vez máis nesta Cámara en que non é ouro todo o que reloce. Primeiro, porque non temos garantido como país recibir a parte que nos corresponde. Acaban de saír os datos do IGE de poboación, os máis recentes, e volvemos baixar respecto do peso relativo de poboación no Estado español, e, aínda así, non temos garantido que vaiamos recibir como mínimo esa cifra. En segundo lugar, porque non hai transparencia das prioridades da Xunta de Galiza e non hai transparencia tampouco por parte do Goberno de Sánchez, xa sen entrar na condicionalidade dos fondos europeos, en como iso vai afectar o noso sistema social e en como imos vendo que hai dereitos sociais que se están colocando directamente no precipicio.

E, en terceiro lugar, hai que falar de que, ademais dos atrasos na chegada, tamén está a capacidade de execución, que de momento é mínima. É un problema do Estado, pero é un problema tamén a execución de Galiza, tendo en conta tamén os precedentes, e remítome aos informes do Consello de Contas e tamén ás comunicacións da Comisión Europea. Polo tanto, sirvan estes exemplos para evidenciar que a realidade adiantou o Goberno galego; un goberno que vai ao ralentí, que vai, señor Corgos, pola hora vella.

E, diante diso, o Goberno tiña dúas opcións: seguir de fronte, pisando o acelerador na súa folla de ruta unilateral, ou sentar a practicar algo novidoso, que sería o diálogo, que sería a confrontación de ideas, e, desde logo, unha vez máis, aplican vostedes que ter maioría absoluta se traduce automaticamente en ser posuidores da verdade todo poderosa e da capacidade de non equivocarse. Pero iso, lamentablemente para este país, non é así.



Polo tanto, é unha mala nova que pasen o rodillo unha vez máis e que das máis de mil emendas que presentou a oposición ao estado de gastos, unha vez máis, vostedes non vaian aceptar ningunha, ¡ningunha! E iso é non un demérito da oposición, que presuntamente non sabemos facer as nosas emendas, que estamos equivocadísimos —o de ler, regular, e o de sumar e restar, xa fatal—, senón que o que reflicte é a soberbia do Goberno galego, que está pechado na súa torre de marfil. Porque se houbese marxe para que vostedes minimamente recoñecesen algunha equivocación ou algunha idea en positivo dos grupos da oposición, podería facerse unha transacción, pero, desde logo, vostedes non queren diálogo e non queren escoitar os demais.

Esa é a triste realidade deste trámite orzamentario. Vostede fixo, señor Corgos, un gran brindado ao sol no anterior pleno respecto das posibilidades de consenso, pero, ao final, de 431 emendas parciais, como era previsible, foron rexeitadas todas, e o Partido Socialista corre a mesma sorte. Polo tanto, desde logo, nós anticipamos que a nosa votación, se non hai mudanza, será unha vez máis negativa.

En todo caso, quería facer algunha reflexión máis. Estes son os segundos orzamentos dunha lexislatura marcada, evidentemente, pola pandemia, e para nós hai tres leccións que non se contemplan en absoluto, que non se plasman. A primeira é a necesidade de reforzar os servizos públicos. A sanidade, a política social e o ensino son pezas claves, sobre todo nun momento de crise, nun momento de aumento da desigualdade social, para conseguir que este país estea cohesionado e sexa xusto. En segundo lugar, tampouco se atende a necesidade de ter un novo modelo económico, baseado na innovación, que nos permita xerar riqueza e futuro. E, en terceiro lugar, tampouco se aborda nestes orzamentos a necesidade de iniciar esta nova era facendo algo diferente, pensando Galiza en grande, respondendo á crise climática e tamén marcándonos como obxectivo avanzar en dereitos sociais para ter máis calidade de vida. Nestes obxectivos basicamente é no que se centran as máis de catrocentas emendas que presentamos desde o BNG.

E quixera, en primeiro lugar, falar do ámbito dos servizos públicos, que é onde máis amosou as costuras esta crise. E mire, pónolle exemplos, señor Corgos. A semana pasada a comunidade educativa protestaba porque vostedes, por racanear salarios en Nadal, decidiron deixar de cubrir as baixas no ensino. Este domingo, por exemplo, nas rúas de Compostela, mentres nós celebrabamos o 40º aniversario do Parlamento galego, estaban as traballadoras do servizo de axuda ao fogar, que seguen reclamando —tempo despois do inicio da pandemia— a dignificación das súas condicións laborais. Ou hoxe, sen ir máis lonxe, profesionais da atención primaria do Baixo Miño, do Rosal, de Oia, da Guarda, están en folga. Están en folga porque están absolutamente extenuados de traballar nunhas condicións leoninas baixo mínimos. E o exemplo do Baixo Miño é hoxe nesa parte do territorio, pero é moitos outros días noutras partes do noso territorio. Tamén hai poucas semanas as poboacións do oriente ourensán protestaban polo desmantelamento da sanidade en Valdeorras, no Hospital público de Valdeorras, do que vostedes, pese á propaganda que fai constantemente o señor conse lleiro de Sanidade, o que fan é minorar os seus servizos. Esa é a realidade que hai fóra da torre de marfil do Goberno galego. *(Aplausos.)*

A realidade é que non hai servizo público neste país que non teña nestes momentos problemas e queixas tanto de usuarias como de profesionais. E, polo tanto, presentamos emendas



cun obxectivo moi claro, que é fortalecer estes servizos públicos. Por exemplo, no ámbito da política social das residencias é inaudito que, pese ao acontecido na pandemia, os orzamentos do Partido Popular, en lugar de garantir os coidados como un dereito social, afonden nun modelo que o que busca é drenar recursos públicos directamente do sistema público ao sistema privado mediante un sistema que é absolutamente especulador e no que a vellez é un negocio.

Eu quero insistir unha vez máis en que Galiza ten a porcentaxe de prazas públicas máis baixa de todo o Estado, pese ao elevado avellentamento da nosa poboación, e en que a drenaxe de recursos públicos é absolutamente obscena. Na concertación de prazas coa privada, por exemplo, aumentan vostedes en máis de dez millóns de euros, pero non teñen esa mesma dilixencia para blindar servizos como o Consorcio galego. Polo tanto, nas nosas emendas o que facemos é darlle a volta e denunciar as carencias desta situación, porque non pode ser que 8 de cada 10 prazas sexan privadas no caso das residencias e 6 de cada 10 nos centros de día. Por iso propoñemos un plan de ampliación da rede de servizos públicos no ámbito social.

Pasarán o rodillo tamén sobre esta parte do debate e intentarán tapalo. Desde logo, puideron impedir que este Parlamento investigase a situación das residencias durante a pandemia, poden impedir que os deputados e deputadas do BNG accedan con normalidade ás actas de inspección destes ámbitos, poden non enviar esas actas á Fiscalía, pese a merecelo, pero, desde logo, o que non van poder impedir —aínda que non prosperen estas emendas— é que esta cuestión tan importante para este país continúe no debate. *(Aplausos.)* Polo tanto, insisto en que, tal e como anunciamos onte, este grupo presentará unha proposición de lei para un novo modelo de residencias baixo a premisa de garantir unha vellez digna.

E, desde logo, o outro ámbito fundamental é o da sanidade. É unha absoluta irresponsabilidade que continuemos nunha pandemia e que a pandemia continúe sen pasar polos orzamentos e polas políticas da Xunta, que nin reforzan os ámbitos máis debilitados nin atenden un persoal exhausto, nin tampouco se marcan como obxectivo corrixir a demora en probas diagnósticas e tamén a demora en tratamentos; algo que vai ter un impacto absolutamente brutal na nosa sociedade, no sistema sanitario público e, sobre todo, nos colectivos máis vulnerables.

Quixera, polo tanto, sinalar tres ámbitos prioritarios para as nosas emendas: o primeiro —como non podía ser doutra maneira— é o da atención primaria. Xa non é que non haxa unha estratexia para modernizar e blindar estes servizos, senón que van na dirección contraria, e mesmo se atreven a recortar o orzamento neste ano 2022. Desde logo —nós insistimos—, non se pode facer máis con menos. Polo tanto, propoñemos nas nosas emendas melloras para este ámbito e un novo modelo de atención primaria con aumento de persoal e con creación de equipos multidisciplinares que incorporen a psicoloxía clínica, a logopedia, a podoloxía ou a terapia ocupacional. En definitiva, reforzar a pedra angular do noso sistema sanitario e acompañar isto da dotación de máis centros de saúde e tamén de blindar os hospitais comarcais.

En segundo lugar, tamén un plan de continxencia para garantir esa atención e eliminar as listas de espera. Eu quero recordar que hoxe, 21 de decembro, hai exactamente dezaoito meses que saímos dos nosos confinamentos domiciliarios. É certo que iso non supuxo a fin



do estrés do sistema sanitario. Iso é así, pero, desde logo, o que non podemos facer é, dezaioito meses despois, dar por normal a absoluta paralización que hai en determinados servizos e demoras que están tendo un custo en materia de vidas e de calidade de vida.

En terceiro lugar, quero facer unha mención ao ámbito da saúde mental. Desde logo, o recente suicidio de Verónica Forqué puxo esta cuestión na actualidade mediática, puxo o foco no ámbito da saúde mental; algo que vimos denunciando desde hai moitos anos e, moi especialmente, nesta lexislatura ao fío da pandemia desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que vostedes rexeitan abordar con seriedade continuamente. Eu xa non vou dar máis datos, simplemente vou recomendarlle que lea, señor Corgos, a demoleadora entrevista que lle facía un xornal galego a José Ramón Silveira, presidente da Asociación Galega de Psiquiatría, e que se resumía no seu titular: «Na atención á saúde mental en Galiza só vexo déficits». Señor Corgos, temos unha lista de espera nos servizos de Psiquiatría que é das máis altas do Sergas. Son inasumibles. Polo tanto, propoñemos incrementar o gasto para un verdadeiro plan de atención á saúde mental.

E, por último, pero non menos importante, no ámbito dos servizos públicos, quería facer unha referencia breve ao ensino. Desde logo, está claro que en época de crise o ensino é a ferramenta máis poderosa que temos para igualar a sociedade. Desde logo, estes orzamentos o que fan é estancar o investimento, e iso é así porque hai unha folla de ruta orquestrada por este grupo parlamentario e polo Goberno galego para facer o ensino deste país, o ensino público, cada vez máis pequeno. Por iso Feijóo pechou 1 de cada 10 centros públicos, máis de 180, e suprimiu —insistimos— 2.500 docentes no sistema público. Desmintan vostedes, se son capaces, os datos do Consello de Contas.

Fronte a iso, en contraposición, propoñémoslle un acordo polo ensino galego, 150 millóns de euros para reforzar o ensino público e dotalo de profesorado e dos recursos que necesita; un pacto galego pola integración educativa, xa que o noso país está entre os que teñen maiores cotas de abandono escolar da Unión Europea, e iso non se soluciona, desde logo, recordando o programa de prevención do abandono escolar; e tamén, por último, insistimos en que recuperen vostedes a gratuidade dos libros de texto.

A segunda lección, en todo caso, que nos amosa a pandemia e na que queremos insistir é en que é necesario un cambio de modelo económico; é necesario un novo modelo económico que estea baseado na innovación e que nos permita xerar riqueza e futuro. E neste sentido presentamos desde o BNG emendas con tres obxectivos: en primeiro lugar, atallar a crise industrial; en segundo lugar, modernizar os sectores produtivos; e, en terceiro lugar, multiplicar o esforzo en innovación. Temos que atallar a crise industrial porque non poden facer vostedes como que non acontece nada, seguir cunha venda nos ollos, buscando culpables, e simplemente non desenvolvendo medidas, como un plan de rescate para empresas estratégicas en crise, como un plan de fomento para a actividade tecnolóxica e industrial que sitúe como obxectivo que no ano 2030 teñamos o 25 % de PIB industrial, ou propostas no ámbito enerxético, desde a creación dunha empresa pública de enerxía ao impulso dun novo modelo eólico que permita xerar emprego. Tamén, no ámbito do emprego, teñen que atender vostedes carencias para os sectores máis castigados da crise, como a mocidade ou as mulleres, que non aparecen nestes orzamentos. E para iso propoñemos unha Estratexia galega de em-



prego 2025 e tamén medidas específicas para o colectivo dos autónomos e autónomas, que, sen dúbida, son uns dos máis castigados.

E, por último, entendemos que tamén hai que modernizar os sectores produtivos. O noso medio rural e o noso mar son privilexios neste contexto histórico no que temos que remodelar a nosa economía, e o que temos que facer é corrixir a deriva do Goberno galego, que é de absoluto abandono, de asunción das políticas que son lesivas desde o ámbito do Estado e da Unión Europea, e darlle unha volta. Porei como exemplo o sector do mar. É que nos últimos dez anos, señor conselleiro, o sector pesqueiro galego perdeu máis de cincocentas embarcacións, e a afiliación á Seguridade Social caeu arredor dun 20 % en sectores como o réxime da pesca e da acuicultura. Fronte a iso, vostedes presentan continuísmo e, como saía no debate anterior, unha consellaría que directamente nin está nin se lle espera nin executa os seus orzamentos. Fronte a iso, propoñemos unha batería de emendas para revitalizar o sector e atallar as súas urxencias.

E, por último, no ámbito económico, insistimos en que ten que ser unha cuestión clave incrementar o esforzo investidor en innovación. Os datos están aí, vostede xa os coñece perfectamente, e son insostibles. Hai un raquíto investimento que fixa o Goberno galego en tempos de crise; é cando precisamente tiñan que aproveitar vostedes, por exemplo, esa débeda para respaldar o sistema innovador deste país. No día de hoxe hai menos dun 1 % do produto interior bruto que no ano 2009 e non hai política de consolidación da investigación. A carreira investigadora galega directamente é como os Reis —xa que estamos en Nadal—; son os pais, non existe neste país. E, aínda por riba, temos que escoitar declaracións na prensa de onte da Xunta dicindo que anima os colectivos investigadores a non frustrarse porque é unha frustración que non poidan retelos a todos. Miren, desde logo o que unha frustración é ter este goberno curtomirista que non asume que nun contexto globalizado a ciencia e a innovación son claves. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós insistiremos en que hai que reorientar o sistema innovador galego. Presentamos propostas como o Innogal, a carreira investigadora galega... E —insistimos— veñan vostedes ao consenso arredor dun pacto galego pola ciencia que implique, cando menos, o 3 % do orzamento. Desde logo, é clave para facer o que facemos nesta emenda e nesta fase de parciais, que é pensar Galiza en grande e responder ao momento que vivimos. Precisamente nós insistimos nestas emendas en que, diante do contexto que vivimos, diante desta nova era, hai que responder á crise climática e hai que avanzar tamén nunha Galiza de máis dereitos e de máis calidade de vida, porque precisamente o que estamos vendo é que corremos o risco de perder dereitos e de perder calidade de vida, e nós non queremos iso para este país.

E falando da necesidade de responder ante a crise climática, é evidente que o mundo non para de darnos avisos. A pandemia é un aviso; tamén hai outros. Neste país xa vivimos grandes lumes forestais, xa vivimos inundacións, xa vivimos períodos de seca... O planeta estanos avisando e hai que reaccionar. Por iso propoñemos aprender destas alertas, apostar pola preservación do territorio e da biodiversidade, unha nova xestión do ciclo da auga e dos residuos, atender á emerxencia climática, á mobilidade sostible... Estes ámbitos teñen que ser unha prioridade política e tamén orzamentaria, pero nestes orzamentos non hai nin reorientación nin tampouco hai recursos. Por iso presentamos emendas como a abordaxe do



ciclo da auga mediante a Estratexia galega 2030, o proxecto Rías ou o proxecto Galiza dos mil ríos. Incluímos tamén unha emenda para iniciar o que nós denominamos a Axenda urbana galega. Hai que dar unhas directrices, un apoio e unha orientación para un novo modelo urbano para as vilas e cidades galegas que se basee na cohesión social, no dinamismo económico, nunha adecuada xestión dos residuos, na economía circular, etc. E, polo tanto, esta resposta á crise climática ten que ir incardinando novos obxectivos orientados a pensar o noso país en grande e de cara ao futuro.

E, nese sentido, precisamente neste momento no que hai que pensar no futuro, non queremos falar só de preservar os dereitos que xa temos, senón que tamén temos que aspirar como país a conquistar máis, a ter máis calidade de vida e máis dereitos sociais. E por iso insistimos en ámbitos como a cultura, a vivenda ou a igualdade, que entendemos que teñen que ser fundamentais nesta nova etapa. Desde logo, vimos nesta crise como a cultura era dobremente castigada neste país. Tiña un castigo acumulado das políticas que se aplicaron desde o ano 2009, pero aplicóuselle un novo castigo con medidas restritivas na súa actividade. A iso súmase que a obsesión do Xacobeo que ten este Goberno impide disociar as producións culturais que non teñen que ver con este ámbito.

Neste sentido, nós propoñemos un verdadeiro plan de reactivación e impulso dos sectores culturais. E tamén insistimos nas nosas emendas en que a Galiza do futuro e a Galiza que nós soñamos no futuro non se pode imaxinar sen a lingua. E, desde logo, este goberno nos seus orzamentos vai nesa liña de absoluto abandono do consenso lingüístico e de absoluto negacionismo. Polo tanto, presentamos emendas incardinadas na liña das recomendacións da Real Academia Galega ou da UNESCO para que as políticas da Xunta de Galiza enfronten o problema de substitución lingüística que hai neste país.

Outro ámbito —se falamos de futuro, se falamos de calidade de vida; non podemos abranquelos todos nesta quenda—, desde logo, é a vivenda, que ten que ser algo central. Ten que ser algo que, ademais, tome o Goberno galego en serio, corrixindo radicalmente unha política de vivenda na que xa non só recorta orzamento, senón que non o executa. Desde logo, ten que haber dúas prioridades: unha, apostar polo incremento do parque público de vivenda en alugueiro; e, outra, abordar as urxencias, ter un verdadeiro plan de garantía de acceso á vivenda para as persoas en situación de precariedade económica ou vulnerabilidade social, que son as nosas principais urxencias.

E, por último tamén, non podemos pensar a Galiza do futuro sen falar de feminismo e de igualdade, sen falar de que é necesario apostar por novas orientacións deste goberno, por corrixir ese recorte en materia de corresponsabilidade que aplican e tamén por incrementar os recursos contra a violencia machista. Nese sentido, tamén emendamos —despois de que vostedes un ano máis renunciaran a investir 1 de cada 100 euros contra a violencia machista, porque lles parece demasiado destinar recursos económicos para protexer as nosas vidas— e seguimos insistindo en que hai orientacións que corrixir neste orzamento e en que este ámbito ten que ser absolutamente prioritario.

Polo tanto, presentamos máis de catrocentas emendas destinadas fundamentalmente a estes tres ámbitos: o primeiro —quero recordalo—, a reforzar o sistema público, a reforzar os



servizos públicos, moi especialmente a política social, a sanidade e o ensino; o segundo, a reorientar o modelo económico para basealo na innovación e así xerar riqueza e emprego; e o terceiro, tamén a apostar por incardinar as accións de goberno nunha estratexia de futuro que aborde a situación de crise climática, pero que tamén aspire a crear un novo modelo social máis cohesionado, máis forte e con novos dereitos.

Polo tanto, estas son as cuestións que queríamos poñer enriba da mesa. Entendemos que non haberá novidades neste debate, pero a esperanza é o último que se perde.

E remato xa cunha última reflexión. A semana pasada falecía Bell Hooks, referencia fundamental na loita feminista e antirracista. Ela dixo que o que facemos é máis importante que o que dicimos ou o que dicimos que cremos. E, desde logo, nestes orzamentos do Partido Popular, quedou moi claro que unha cousa é o que din, o que din na súa exposición, nos seus *Powerpoints*, mesmo na súa exposición de motivos, e outra cousa moi diferente é o que fan estes orzamentos. Temos a experiencia tamén da execución e da xestión orzamentaria de máis de doce anos e, desde logo, nós non compramos ese marco de absoluta disonancia entre o que din e o que agochan. Desde logo, manteremos a nosa oposición a estes orzamentos se non hai unha corrección.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Quizais poucas veces este debate orzamentario tivo lugar nun escenario tan complexo, en medio dunha crise pandémica con consecuencias sanitarias primeiro pero tamén económicas e sociais tan fondas. Poucas veces tivo lugar este debate nun escenario tan suxeito a cambios. Estamos todos pendentes das variantes da covid, mesmo pendentes de factores psicosociais, pasando nalgúns momentos en que parece que superamos a crise da euforia á depresión, cando aparece unha nova variante, pendentes da efectividade das vacinas e dos posibles medicamentos.

Poucas veces estivemos nun escenario tan asimétrico, porque hai sectores que están sendo duramente golpeados e outros mesmo están a desenvolverse ben. Hai un conxunto de riscos que fan que haxa desigualdade, mesmo nos efectos da pandemia, que afecta ao turismo e aos traballos presenciais e, en cambio, protexe os que poden facer teletraballo ou outro tipo de tarefas non en contacto coa poboación.

En definitiva, eu creo que estamos nun momento que exige moita responsabilidade, porque estamos xogando vidas se non damos acaída resposta á cuestión sanitaria, pero tamén es-



tamos xogando as vidas do futuro, porque, efectivamente, o país xa tiña en marcha grandes reformas para adaptarse ás demandas dun mundo que exige dixitalización, que exige competitividade, que exige un maior respecto e conservación do medio ambiente e que exige tamén maior igualdade tanto de xénero como fundamentalmente entre persoas que teñen rendas moi asimétricas e moi desiguais.

E toca facer da necesidade virtude e aproveitar os esforzos que estamos a facer e, sobre todo, a Unión Europea para superar a pandemia e a crise que provocou, para non só superala, senón tamén avanzar nestas reformas.

Creo que algo dixó a portavoz que me precedeu na palabra. A dificultade da situación pode expresarse perfectamente lembrando un par de datos.

Cando comezamos o debate orzamentario, en setembro, as previsións de crecemento do PIB para España para este ano, para o ano no que estamos, aínda mantiñan o 6,8. O Goberno esperaba o 6,5. Decía que era a economía que ía crecer máis de toda a Unión Europea. Pronto a Airef baixou a expectativa ao 5,5. Hoxe o consenso tanto da OCDE como da propia Comisión Europea é que a recuperación española é das máis lentas do conxunto da Unión Europea. A OCDE calcula que a Unión Europea crecerá un 5,2 e á España danlle un....

O señor PRESIDENTE: Perdoe un segundo. ¿Pode arrimar o micrófono máis, porque é que...?

O señor PUY FRAGA: Procuero non tocar os micrófonos...

O señor PRESIDENTE: Pero déalle, déalle.

O señor PUY FRAGA: ...porque vostede considera que é mellor non tocalos.

O señor PRESIDENTE: Non, pero neste caso...

O señor PUY FRAGA: En todo caso, fago o que me mande.

O señor PRESIDENTE: Despois límpalos.

O señor PUY FRAGA: En todo caso, o Banco de España xa está dando o 4,5, cando en setembro daba o 6,3 de crecemento.

Hai unha ralentización do crecemento, que ten moitas causas. En primeiro lugar, estamos cun índice de prezos ao consumo interanual en novembro do 5,5, levamos o acumulado no ano do 5,3, pero sen enerxía nin alimentos frescos está no 1,4 en outubro. E, evidentemente, esta inflación ten moito que ver cos problemas de produción, os factores de oferta, desaxustes produtivos, paralización durante o confinamento, interrupción dos fluxos internacionais de mercancías, a dificultade de reactivalos cunha maior demanda, que é o segundo factor que inflúe, pero sobre todo tamén como consecuencia dos custos enerxéticos.



E debemos de ter en conta que dous terzos da suba dos prezos ten que ver coa enerxía, que afecta fundamentalmente ás empresas electrointensivas, ás siderurxias, químicas, ás papelerías, ao cemento, ao vidro...; tamén ao sector agrario, polo custo dos combustibles, dos abonos, das cámaras frigoríficas... E todos estes sobrecostos enerxéticos frean a recuperación certamente. Hai menos actividade e algunhas empresas mesmo volven entrar en perdas como consecuencia desta variación dos prezos da enerxía.

Fíxense que a variación anual dos prezos industriais, que en España foi do 20 % sobre o ano anterior, este ano e na Unión Europea só foi do 13,2 %; se sacamos a enerxía, en España sería do 1,2 e na Unión Europea do 2,2. Aí se ve perfectamente a importancia dunha política enerxética.

Estamos en decembro cun recibo da luz que é un 94 % máis caro do que era en decembro do ano pasado, e vese cal é a importancia dunha transición responsable. Houbo cambios na política enerxética, claro que houbo cambios. Co mesmo mercado enerxético, a enerxía subiu noutros momentos de alza de prezos da enerxía un 8 %. Era cando vostedes saían á rúa pedindo que o Goberno estaba..., o mesmo que hoxe a señora Presas sacando fotos de membros de consellos de administración dun ou doutro partido. Hoxe sobe o 94 %. As normas son as mesmas. ¿Que foi o que cambiou? Pois que se fixo mal a transición enerxética, e temos aí ao lado o mellor exemplo nas Pontes.

Estamos reabrindo unha central que se ía adaptar para seguir producindo enerxía eléctrica que se pechou por acelerar unha transición enerxética de forma inxusta. Certamente, podería ser peor. Se algún día se aproba a tarifa eléctrica galega, todos veremos que o custo das redes de mantemento e conservación nun país como Galicia supera moito o que sacamos do conxunto de participar no conxunto do mercado ibérico, onde está tamén Portugal, pero en fin.

Isto sófreno as familias polos prezos da luz, pero tamén porque se incorpora aos prezos dos produtos que consomen en xeral e xeran inflación. Afortunadamente, aínda contamos co apoio do Banco Central Europeo, que entende que estamos ante unha inflación transitoria.

Ben, neste contexto os últimos datos oficiais mostran que a economía galega medrou un 3,2 no terceiro trimestre, é dicir, medio punto máis que a española. Algo estaremos facendo que non está tan mal: 3,2 fronte a 2,7.

Hai algunha explicación. Por exemplo, señor Caballero, o consumo das administracións públicas medrou en Galicia un 4,6; na media nacional foi dun 2,9. Somos neoliberais segundo o señor Caballero. Tamén o gasto dos fogares, entre outras cousas grazas ás rebaixas impositivas, puido incrementarse o 1,5, catro décimas máis que no conxunto de España. E precisamente estes datos fannos pensar que para seguir traballando na recuperación, na reactivación do consumo é conveniente aprobar estes orzamentos e ao mesmo tempo manter a capacidade de gasto e de consumo das administracións públicas.

Hai un segundo motivo para a ralentización do crecemento. Os fondos europeos en España estanse aplicando lenta, moi lentamente. Vostede acusaba hai un momento a Xunta de non ter estratexia de dixitalización, de medio ambiente, etc., etc. A nosa estratexia é a mesma



de toda Europa e a mesma do Goberno de España, porque compartimos os criterios precisamente que están nos fondos Next Generation da Unión Europea.

¿Que está a pasar? O que está a pasar é que seguimos esperando que o Goberno de España mobilice esas axudas. O outro día Raymond Torres publicaba un artigo no que dicía que no portal oficial do Goberno de España no ano 2021 se pecharon convocatorias de axudas con fondos europeos por un importe de 850 millóns de euros e as convocatorias en curso cando se pechen suporán 5.700 millóns de euros. O que hai nos orzamentos son 27.000 millóns de euros. Hai lentitude na tramitación, farragosas tramitacións administrativas.

Isto contrasta co que está pasando en Italia. En Italia o que se fai é xustificación *ex post*, establécese un sistema independente de definición destes fondos, en vez de centralizalo en Moncloa, co apoio de Vox. Iso é o que vostede di que nós non votamos: a centralización en Moncloa, co apoio de Vox; iso foi o que vostede dixo. Ben, pois en fin, vostedes saberán o que fan. Pero o certo é que se están executando mal e que iso ralentiza o crecemento; é que o está a dicir todo o mundo, o Banco de España e a propia Unión Europea.

Sabemos en Galicia ben que é complicado xestionar os fondos tal e como os definen na Moncloa. Fíxese vostede que en Galicia o primeiro e o segundo plan de rescate con fondos propios da Xunta, por 180 millóns de euros, tivo 80.000 solicitudes e esgotouse nun tempo récord.

No terceiro plan, que era por 234 millóns de euros, baixo as condicións que impuxo o Goberno de España, houbo 5.900 solicitudes. De 80.000 a 5.000. E, evidentemente, quedaron 134 millóns de euros sen distribuír. Houbo que reformalo. E agora estamos no cuarto plan, a ver se conseguimos que eses 134 millóns por fin cheguen á cidadanía. Os que tramitou a Xunta xa estaban tramitados no verán.

Polo tanto, primeiro, hai un problema de execución. Non hai un problema de priorización. Nós fixemos un amplo plan de recuperación para aproveitar os fondos Next Generation da Unión Europea, moi amplo. Pedíusenos unha aclaración, a aclaración deuse. Potenciamos primeiro o sector forestal e a industria asociada, 3.300 millóns de euros e 29.000 empregos. Automoción, Auto Áncora, 1.200 millóns, 1.000 empregos. O agroalimentario, con 1.000 millóns e 4.000 empregos. E medicina personalizada, 500 millóns, 400 empregos.

Non temos resposta, estamos aínda pendentes. Están anunciándose aínda os PERTE. Polo tanto, hai unha ralentización. Ten que ver con causas propias da crise, ten que ver con que en España hai diferenciais de inflación que ralentizan máis a crise, que teñen que ver cunha política enerxética errática, e hai un lento despregamento dos fondos europeos por parte de quen os xestiona, que, a raíz desa famosa votación na que Vox se converteu nun partido de Estado, despois do que escoitamos ao Partido Socialista de Vox, se centralizaron en Moncloa.

Emprego. En emprego o comportamento está sendo positivo. En 2021 o INE de novembro dínos que o paro baixa o 18,14 en España e o 19,43 en Galicia. Hai 34.725 persoas menos no paro. Estamos en niveis precovid, mesmo tamén en niveis de afiliación, cun crecemento de 2,54 %, máis de 25.000 novos afiliados, superando polo tanto o millón amplamente de afi-



liados en Galicia, e ademais crece a contratación, de xeito xeral, un 44 %, pero especialmente a indefinida; en novembro creceu o 129 %.

Os salarios medios variaron en Galicia un 0,1 o ano da covid; en España caeron un 0,3. ¿Quen está detrás? As retribucións públicas creceron un 2,6 en educación, sanidade e servizos sociais fundamentalmente, así como no conxunto da Administración. Tamén subiron noutras industrias, como as extractivas, pero caeron en comercio, transporte e, fundamentalmente, en hostalería, un 14 %. O que mantivo os salarios e o nivel foron as retribucións públicas fundamentalmente. Este é o Goberno neoliberal que di o señor Gonzalo Caballero.

Ben, eu creo que neste punto é negar a evidencia e confundir e liar co tema da ocupación. A ocupación ten que ver fundamentalmente coa xubilación, e vostede sábeo. E, polo tanto, estamos falando da taxa sobre a xente que está en idade de traballar.

Igual podíamos incrementar a poboación activa seguindo os consellos que dá algún ministro socialista de subir a idade de xubilación aos 75 anos, pero eu creo que este non debe de ser o camiño. Temos un problema demográfico. O problema demográfico ralentizaría o crecemento, porque todos sabemos que as poboacións minguantes producen menos, e Galicia o que está conseguindo é incrementar o PIB per cápita de forma consistente, achegándose moito á media do conxunto de España tamén nos últimos anos.

É a primeira vez que baixa o paro en novembro de 2005, que comezou a serie histórica e, non obstante, pode haber un problema. Ninguén o di pero chama moito a atención que creza o PIB co paro caendo. ¿Que está a pasar? Pois xa o veremos. Posiblemente algo terá que ver a reincorporación dos traballadores que están no ERTE e que a actividade, pese a que se incorporan os traballadores, non se incrementase na mesma medida, pero esperemos que isto non conleve que, unha vez que pasen os períodos obrigados dos empresarios de ter en nómina os que se beneficiaron de ERTE, leve a unha caída do emprego. Nós esperamos que dea tempo para reactivar a economía e que iso non se chegue a producir.

Ben, en resumo, estamos nunha recuperación asimétrica, pero as solucións están claras: non retirar os apoios ata que se consolide o crecemento, identificar por que é asimétrica e cales son as empresas danadas e facer apoios selectivos, facer unha política fiscal expansiva tanto pola vía do gasto como pola vía do ingreso, temporalidade das medidas que se están a adoptar, fundamentalmente no déficit, porque se está incrementando o déficit estrutural, e todo o mundo sabe que antes ou despois imos ter que reconstruír as marxes fiscais e de débeda pública, e contamos para iso co apoio da política monetaria dos fondos europeos, a cambio das reformas estruturais, que tamén dependen do Goberno de España, señor Caballero, que son as que condicionan a recepción dos fondos Next Generation da Unión Europea, e que España ten que cumprir para que Europa libre uns fondos que vai ir liberando conforme se cumpran os compromisos de España de facer esas reformas estruturais.

Pois ben, neste contexto eu creo que as liñas xerais dos orzamentos son as correctas. Son expansivos, crecen un 7 % practicamente con relación ao ano pasado. Son expansivos polo lado do ingreso, son expansivos polo lado do gasto, porque fomentan o gasto social e crece



o investimento, o endebedamento está contido, co cal o futuro, cando haxa que volver a sendas de certa estabilidade financeira e fiscal, vai ser máis doado.

E, ademais, creo que no procedemento de aprobación dos orzamentos na Cámara fomos eficientes, desde logo desde o Grupo Popular, para que todas estas circunstancias novas ás que acabo de facer referencia tivesen acollida nos presupostos deste ano.

Política de ingreso. Eu non sei o que pensarán algunhas persoas, algúns deputados, cando len titulares como que España liderou no 2020 a suba da presión fiscal na OCDE e que encima saía a ministra de Facenda dicindo que celebra a suba da presión fiscal porque é a proba de que se mantiveron as rendas na crise.

Ben, isto está ben, que se mantiveran as rendas na crise, pero o certo é que hai causas que explican isto que non son tan positivas. Primeiro, porque se subiron os impostos. Ademais, sóbense os impostos ás sociedades, aos propietarios de vivendas, aos que usan gasóleo, aos que matriculan vehículos; fálase de subirle a quen usa as autovías, que son gratuítas; sóbense tamén aos plásticos. Elimínanse os incentivos aos plans de pensións e sobre todo sóbense as cotizacións sociais.

Certamente, a presión fiscal sobe porque soben os impostos. Pero é que, ademais, está funcionando a inflación, e todos sabemos ou deberíamos de saber que a inflación ten un efecto sobre as bases fiscais. Ao crecer a base fiscal, porque soben os prezos dos produtos, a recadación sobe porque a porcentaxe que se paga sobre un prezo maior polo IVE tamén sobe. E o mesmo ocorre cos impostos que son fixos sobre os carburantes e tantos outros produtos que están a subir de prezo.

Polo tanto, sobe a recadación porque está funcionando a progresividade en frío, porque está funcionando a inflación e porque se están subindo os impostos. E o certo é que España sobe a presión fiscal cando toda Europa decide baixar a presión fiscal; toda Europa está baixando a presión fiscal.

É máis, é o momento perfecto para que nós completemos un modelo fiscal que está asociado a unha recuperación económica tras a crise que creo que é proveitoso. Decía a señora Presas na súa primeira intervención que non espremamos o autogoberno en materia fiscal. Eu o que lle diría é que nós espremamos o autogoberno, pero non para espremer os contribuíntes; espremamos o autogoberno para deixar que os contribuíntes teñan máis fondos para poder gastar, investir (*Aplausos.*), nun momento en que é fundamental para a recuperación.

Baixar impostos non o baseamos na curva de Laffer; é dicir, non veñamos con cousas simples. Porque tan certo é —e vostede sábeo— que, se un baixa os impostos, non ten por que subir a recadación, como —o que é máis grave— un pode subir os impostos e tampouco subir a recadación. E pónase, porque agora farei referencia aos impostos nos que os contribuíntes poden facilmente votar cos pés e marchar dunha xurisdición a outra.

Nós, certamente, estamos nunha política que non é nada neoliberal, é a que ten toda Europa, e tampouco é o keynesianismo simple que vivimos noutras crises, por exemplo cun Plan E



que despois o Tribunal de Contas de España dixo que eran 3.800 millóns de despilfarro, que consiste en gastar por gastar. Non, hai que ser máis finos, aprender das outras crises e mesmo eloxiar algunhas das cousas que aquí se criticaron e que están permitindo que esta crise non sexa tan dura como foi a anterior, por exemplo a reestruturación do sistema bancario español. ¡Mire que non escoitamos cuestións aquí sobre a remodelación do sistema financeiro e o ben que está a funcionar!

Ben, a tarifa do IRPF, no seu conxunto, a bases máis baixas, 12.450 euros, no ano 2009 tributaban 1.494 euros. Coa reforma que introducimos nestes orzamentos, tributarán 1.170 euros. É dicir, unha rebaixa de 323 euros total, neste período, é dicir, un aforro sobre a base do 2,6.

As que vostedes din que agora estamos beneficiando, que son as de máis de 60.000 euros, tributaban, unha de 60.000 euros, 12.281 euros; é dicir, agora tributará 8.871, é dicir, 586 euros menos; é dicir, a redución da base, o aforro sobre a base é do 0,98; é de 2,6 para os que menos gañan, do 1,98 para os que andan ao redor dos 20.000 euros e do 0,98 para os que gañan máis de 60.000.

Certamente, cada un pode pensar o que queira sobre cal debe ser a progresividade. Certamente, se lle engadimos a tarifa española, quero dicir que persoas que gañan estas cifras van acabar pagando polo IRPF máis da metade dos seus ingresos anuais. Isto é debatible, xa sabemos que é debatible. O que non é debatible é que esta tarifa non é neoliberal. Non é unha tarifa plana, non hai unha rebaixa como, por certo, hai noutra comunidade autónoma, que si fai gala de facer políticas neoliberais, que fai unha rebaixa lineal do 0,5 en todas as tarifas.

Isto non é unha tarifa neoliberal, é unha tarifa progresiva. A vostedes poderíalles gustar que fose máis progresiva ou incluso que fose, sobre todo —que é o que lles gustaría—, moito máis alta nos tipos. Nós cremos que non é o momento de subir o imposto sobre a renda. É o momento de que Galicia sexa atractiva para os traballadores e non se desincentive o traballo con tipos inferiores á escala estatal, rebaixando todos os tramos, baixándolles, evidentemente de forma progresiva, máis aos que menos gañan e menos aos que gañan máis. Deste xeito, Galicia pois pasa a ser unha comunidade autónoma máis atractiva para as rendas salariais.

Sobre o imposto do patrimonio, é unha rareza dentro das fiscalías europeas; xa está dito moitas veces. E unha cousa que chama a atención é que sempre que falamos de equiparar a tributación en España con Europa nunca se fale de que o primeiro que habería que facer é suprimir o imposto sobre o patrimonio, porque é unha rareza en Dereito comparado. Pero sobre o imposto sobre o patrimonio, co desconto que facemos dun 25 % na cota, a min gustaríame recordar o que dixo un bo empresario galego dunha empresa familiar galega, que, ademais, leva o nome de Galicia por todo o mundo, e dixo que non coñecía ningún empresario que viñera vivir a Galicia nin investise en Galicia pola política fiscal e si coñecía moitos empresarios que marcharon de Galicia como consecuencia da existencia de determinados tributos, evidentemente referíndose ao imposto do patrimonio.

Volvemos ao que dicíamos antes: podemos subir os impostos todo o que queiramos, podemos subir o imposto do patrimonio, pero unha persoa cun patrimonio ao que vostede lle mete



un imposto duro sobre o patrimonio teno moi fácil: simplemente ten que cambiar uns quilómetros de residencia para aforrar uns cartos, co cal non só perdemos o ingreso que paga agora do imposto sobre o patrimonio, senón tamén o imposto sobre a renda, e probablemente calquera investimento que puidera facer; e se tivera que elixir en que comunidade autónoma o fai, faríao noutra.

Eu comparto co Bloque cando se queixa, eu comparto que non debemos de permitir que un xove que queira traballar en Galicia non teña oportunidades en Galicia, pero isto é extensible aos empresarios. Eu non quero que ningún empresario que queira investir en Galicia se encontre con diferenciais fiscais que o leven a investir ou establecerse noutra comunidade. *(Aplausos.)*

O conxunto das rebaixas fiscais que mantemos pois levan a que máis de medio millón de galegos, pais a fillos, se capitalizasen como consecuencia da baixada do imposto de sucesións; que se beneficiaran 102.000 transaccións de impostos cero no rural para potenciar o medio rural; ou, por exemplo, que na vivenda habitual, que, como saben, é para familias numerosas, para persoas con discapacidade ou para zonas particularmente difíciles de poboación, en que funcionan as rebaixas, levamos 31.000 beneficiarios destas rebaixas fiscais; que se traducen en total en 500 millóns de beneficios fiscais que incorporan os orzamentos, o 93 % deles de carácter social.

Polo tanto, nós cremos que esta é unha boa política fiscal, que incorporan estes orzamentos.

Con respecto ao gasto, nestes orzamentos van 8.660 millóns de euros de gasto en políticas sociais, é dicir, en sanidade, educación, políticas sociais e emprego. Os orzamentos da Xunta en 2013 eran 8.400 millóns. É dicir, todos os orzamentos da Xunta non chegaban ao gasto que estes orzamentos incorporan de gasto social, nin no 2014 nin no 2015. Só o gasto social destes orzamentos inclúe todo o da Xunta deses tres anos de maior crise.

Con respecto ao 2021, a sanidade crece un 6,2, 269 millóns; un 7,1 en educación, 179; en política social, un 14,6, 126 millóns; en emprego, un 10,37 millóns máis con respecto ao ano 2021.

En sanidade quero dicir tamén que estamos co permanente debate de que se baixan os gastos en atención primaria. Cando chegamos no ano 2009, en persoal gastábanse 442 millóns; nos orzamentos do ano 2022 son 541 millóns, 100 millóns de euros máis, é dicir, un 23 % máis. E ¿onde está a rebaixa do gasto en atención primaria? No catálogo de medicamentos, que está permitindo aforrar significativamente o gasto en fármacos que consomen e seguen a consumir gratuitamente os galegos e as galegas.

Pasamos no conxunto do Sergas dunha plantilla no 2019 de 39.694 profesionais a, setembro do 2021, 42.694.

A sanidade galega, especialmente a atención primaria, ten a mellor valoración da súa historia no barómetro sanitario e, por suposto, a aposta pola atención primaria continúa. Fixemos o contrato de continuidade, que agora consolida 86 prazas; incorporamos 109 prazas máis para primaria; desenvolvéronse as categorías de técnico de saúde e de facultativo especialista



en primaria; e hai un plan de infraestruturas en primaria con 51 actuacións para mellorar os centros de atención primaria.

E, ademais, estamos tomando medidas organizativas, como as que se incorporan nestes orzamentos. Incorporamos, neste caso na Lei de medidas, unha nova categoría, a de facultativo especialista de atención primaria, que pretende solucionar o déficit de persoal neste nivel sanitario, co que se inclúe a prestación de gardas no PAC. Vostedes ¿que fan? Pedir que se retire a Lei de medidas e votar en contra.

E, por suposto, seguimos pedindo a creación das especialidades de urxencias, que son as que drenan os especialistas de familia, e a eliminación da taxa de reposición.

De fondo covid estes orzamentos incorporan unha inxección de gasto, en educación, de 140 millóns de euros. Sen fondos covid, estes orzamentos incrementan ata 987 millóns de euros o gasto en políticas sociais, un incremento do 73 % con respecto aos orzamentos no ano 2009 e do 4,3 con respecto aos do 2021.

Neste contexto, cunha situación incerta e cambiante, cun incremento do gasto evidente, cun incremento do gasto social evidente, causa certa frustración ver que as emendas non é que sexan as mesmas; é que vostedes seguen descualificando estes orzamentos cos mesmos argumentos, de recortes —que non hai—, dicindo que son neoliberais —cando non o son— e facendo as mesmas críticas que desde o ano 2009, —insisto— fronte a toda evidencia de gasto e os seus efectos, tamén en igualdade, como o informe Foessa, que xa comentamos tantas veces, nos vén de confirmar.

Ao final —non entro xa nas emendas, xa o fixo o meu compañeiro Tellado— vostedes todo o resumen como máis impostos, e non teñen en conta que igual iso o que fai é, como está pasando en España con respecto a Europa, lastrar a recuperación.

Nós si actuamos ante os cambios do contorno, e creo que é importante dicir que, por exemplo, ademais destas emendas de incorporación aos orzamentos, no imposto da renda, na creación da categoría do facultativo especialista, tamén introducimos na Lei de medidas para alterar, paliar as alteracións extraordinarias nos prezos dos materiais nos contratos da obra pública. Tamén toda Europa está regulando isto, agás España, e en Galicia tomamos esa decisión.

Por suposto, o único recorte que levan estes orzamentos, unha vez máis, é no pago de xuros da débeda. O ano que vén, no 2022, o descenso é do 25 %, e, entre outras cousas, é posible diminuír o endebedamento porque nos gastos de capital temos un investimento produtivo que sobe 325 millóns de euros, é dicir, un 14,6 máis que o ano pasado, e xa subiran un 53 % con relación ao ano anterior, co cal levaremos dous anos seguidos con máis de 2.500 millóns para investimentos, é dicir, 5.000 millóns en dous anos. E, ademais, cunha compoñente territorial, porque o investimento por habitante é superior nas provincias interiores de Lugo e de Ourense. De feito, creo que é difícil atopar en España un orzamento que teña tanto gasto en investimento sobre gasto non financeiro como o de Galicia.

Eu creo que aprobar os orzamentos en si mesmo é unha boa noticia e creo que son uns bos orzamentos, expansivos, sociais e axeitados á incerteza da situación. Van potenciar a renda



das familias, dinamizar o consumo, capitalizar as unidades de produción en Galicia e permitir a recuperación nun momento no que a inflación empeza a deteriorar o poder adquisitivo.

Apoiamos os sectores máis damnificados pola crise, con plans de recuperación específicos, e os investimentos públicos, territorializados nese plan que se incardina no plan europeo, do que estamos pendentes que desbloquee o Goberno de España, permiten pensar que imos polo bo camiño.

Estes orzamentos tampouco comprometen as novas xeracións. Somos a comunidade autónoma de réxime común que menos se endebedou en todo este período longo desde a crise financeira do ano 2009.

Esta é a política que queremos ter, para seguir crescendo, como levabamos crescendo antes da pandemia nos últimos cinco anos, para seguir crescendo en PIB per cápita e en benestar. E esta é xustamente a política que vostedes, ano tras ano, contradín, votan «non», —in-sisto— contra toda evidencia de resultados económicos e de xestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

O feito é que o Partido Popular trae uns orzamentos a esta cámara que responden ao seu ideario, ao seu plantexamento, pero que amosan tamén unha falla de proxecto e unha falla de capacidade para apostar pola modernización, para apostar polo benestar e para xerar emprego.

E queremos sinalar tamén que, de 491 propostas de modificación de gasto presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista, o Partido Popular non admitiu ningunha. Vostedes traen o seu paquete orzamentario e, despois de todo o discurso de acordo, de tender a man e de diálogo, os feitos desdín toda esa vontade cooperativa e amosan como teñen unha posición de rodillo ensimesmada que non é capaz de incorporar opcións, (*Aplausos.*) plantexamentos e melloras que chegan dende outros grupos.

Señores do Partido Popular, se vostedes retirasen a emenda fiscal que beneficia as rendas superiores, os salarios superiores a 100.000 euros ao ano; se vostedes mantivesen o persoal sanitario e educativo docente que estaba contratado no curso anterior; se vostedes suspendesen o incremento do 6 % de persoal de gabinete e de confianza, cargos de designación do



Partido Popular; se vostedes asumisen propostas como estas, os orzamentos da Xunta serían mellores. E por iso quero dicirlles que erran, que erran no seu plantexamento de manter unha folla de ruta que obvia e que evita escoitar outros plantexamentos.

É bo que Galicia teña orzamentos, pero Galicia podería ter uns bos orzamentos. É necesario que se aproben as contas públicas, e vostedes teñen os votos necesarios, pero vostedes poderían dar un uso a esa cantidade inxente de fondos públicos moito máis eficiente e moito máis equitativo e igualitario. Poderían impulsar a eficiencia e axudar tamén ao benestar. E cando escoito a defensa do Partido Popular destes orzamentos, quédame claro que estes son os orzamentos da dereita, que estes son uns orzamentos dunha dereita que ten que acostumar a gastar máis e que quere facer política de propaganda co gasto, pero que nin ten modelo nin ten compromiso, nin ten visión de como facelo maior.

Mire, señor Puy, vostede sinala que estes son uns orzamentos expansivos polo gasto e expansivos polo ingreso. E son expansivos porque outros lle meten a vostedes a posibilidade de facelos expansivos. Vostedes aínda non son maiores de idade á hora de facer orzamentos na Xunta de Galicia. Dependen dos fondos que chegan dende Europa e dende o Estado, para que vostedes poidan gastalos de forma pouco eficiente, sen estratexia, sen modelo de país, sen prioridades, e, ademais, fano sen ter a corresponsabilidade de ingresar para despois gastar. *(Aplausos.)*

Vostede fixo unha defensa destes orzamentos que amosa que, se o Partido Popular tivese a responsabilidade da política impositiva, vostedes farían uns orzamentos de redución do público, de ataque ao benestar, uns orzamentos de baixar a recadación, beneficiando os máis favorecidos.

Porque antes tiven que aclarar como se calculan as taxas de desemprego. A diferenza entre numerador e denominador, a diferenza entre o feito de que se reduza a poboación activa e que iso implique, ao caer o denominador, que as taxas de desemprego incluso poidan caer en menor medida, que un indicador no numerador reflecta unha evolución distinta.

Pero ocorre o mesmo cando vostede fala da presión fiscal, señor Puy. É que vostede vén aquí sinalar que a presión fiscal se disparou ao longo desta crise en España. E, polo tanto, é certo que a presión fiscal aumentou dun 34 % a un 36 % en España nesta crise. Pero vostede obvia que a presión fiscal en Francia é do 45 %, que en Italia é do 42 %, que en Alemaña é do 38 %, e que, se hai que explicar por que aumentou neses díxitos a presión fiscal en España, non foi polo incremento impositivo, señor Puy. Non enganen os cidadáns. Foi porque houbo unha crise, que, debido á estrutura produtiva do país, baseada no turismo, fixo que caese moito máis o PIB, e o PIB é o que está no denominador e, polo tanto, explica por que aumenta esa presión fiscal. Non é baseada nun incremento impositivo, senón nunha caída da produción, que implica que, ao caer o denominador, aumente o ratio, pero non reflecte a realidade do que vostede di.

E, ademais, señor Puy, sexan vostedes tamén realistas. Na maioría dos países da OCDE incrementouse a presión fiscal, en vinte dos trinta e seis países, reflectindo en moitos deles, ademais, con políticas conservadoras, que a crise económica implica, sen dúbida, unha interpretación de incremento desa presión fiscal.



Se falamos de financiamento, claro que nos preocupa. Preocúpanos a súa política tributaria, preocúpanos que vostede faga aquí unha defensa de que por parte do Partido Popular a vostedes non lles gusta ningún tipo de imposto que grave nin os que teñen altos patrimonios nin os que teñen altos ingresos por renda das persoas físicas. E por iso vostede despreza o imposto de patrimonio e por iso vostede despreza o incremento do tramo para as persoas que teñen rendas salariais superiores a 100.000 euros ao ano.

Esa é unha diferenza, esa é a diferenza entre a política impositiva do Partido Popular, que é a política que abraza os grandes patrimonios, que abraza as rendas salariais que superan os 100.000 euros ao ano, e as políticas de progreso do Partido Socialista, que queren que os que máis teñen paguen máis para defender a educación pública, a sanidade pública e as políticas sociais. *(Aplausos.)* Iso é o que lles segue dando alerxia e que teñen que defender, porque outros lles poñemos as políticas.

Cando fala vostede dos fondos europeos e di que son lentos, moito máis lentos serían se gañasen vostedes a votación no Congreso dos Deputados. Nós non temos ningunha alianza con Vox, os socios de Vox son o Partido Popular. Alí onde o PP e Vox teñen que gobernar vostedes gobernan. Nós nunca gobernamos nin gobernaremos *(Aplausos.)* coa ultradereita, queremos separalos.

Pero é certo, señor Puy, que vostede tivo co Partido Popular unha posición irresponsable aquí, lexitimando o que fixo o PP no Congreso, impedindo aprobar un mecanismo de axilización dos fondos europeos que permiten que hoxe existan 507 millóns de euros nos orzamentos da Xunta. Coa votación de vostedes non tivera sido posible.

Vostedes actúan —e sabe ben disto, señor Puy— na política fiscal do *free rider*, na política do polisón, na política de quen quere gastar pero non quere recadar, na política do que di que lle gusta a política expansiva que se fai pero non toma ningunha medida para ter ingresos suficientes e na que queren protexer sempre os seus aliados, as rendas máis altas.

E é por iso que volvo repetir: vostedes ás rendas dos galegos que teñen unha situación media ou máis complexa lles reducen 12 euros ao ano, pero aos 38.000 cidadáns galegos con máis de 100.000 euros de ingresos redúcenlles 500 euros ao ano. Esa é a política que non nos gusta.

E, dende logo, hai unha diverxencia de fondo na política fiscal e na política económica da dereita coa política fiscal e a política económica da esquerda. Porque nós defendemos un modelo de benestar que é positivo, porque, ademais de que o benestar é necesario para a igualdade, para darlles dereitos en igualdade a todos os galegos e galegas, para que ninguén en función da súa posición de nacemento ou no concello onde viva poida ter menos dereitos na sanidade pública, na educación pública, nos dereitos á dignidade, a vivir a súa velez con situación de protección.

Ademais diso, nós cremos nas políticas de benestar, nas políticas sociais, porque xeran un círculo virtuoso para xerar crecemento e para sacar o país da crise, porque cando facemos políticas sociais estamos incrementando o nivel de consumo, porque as rendas baixas teñen unha propensión marxinal ao consumo moito máis alta; porque estamos posibilitando que



circule moito máis o diñeiro e que non estea incorporado simplemente en cuestións de aforro ou en determinadas vías; porque cremos que, en definitiva, cando contratamos persoal para as políticas sociais, para a educación, para a sanidade, estamos xerando un círculo virtuoso que permite incrementar non soamente o gasto público senón o nivel de consumo, polo tanto o nivel de demanda, e permitindo con políticas keynesianas que o país teña maior crecemento e que ese drenaxe de fondos acabe chegando ao conxunto de país.

E a vostedes non lles gusta. Vostedes teñen unha política económica distinta, que nin defende a igualdade, con crenza no público, nin, ademais, cren que a aposta polas políticas sociais e de igualdade axuden ao crecemento. E é por iso que erran.

E, polo tanto, cando falamos de financiamento, temos que falar da política tributaria, dos fondos europeos, que vostedes non saben que queren facer aquí en Galicia, e temos que falar tamén do financiamento autonómico. E dende logo aí lle queremos trasladar ao Partido Popular que logo o Grupo Parlamentario Socialista vai actuar con responsabilidade de país buscando un novo modelo de financiamento autonómico, unha adaptación do anterior, no que as variables claves de dispersión xeográfica, de envellecemento da poboación, impliquen que o custo efectivo de prestación de servizos quede garantido e no que ademais se xeren aqueles fondos necesarios para atender a realidade do país.

Nós non cremos no cupo nin no concerto económico. Nós cremos nun modelo de financiamento autonómico que se basee na cohesión. Pero tampouco queremos facer do debate do financiamento autonómico unha política de confrontación en clave do Partido Popular que non beneficie os galegos e as galegas. O noso compromiso está con Galicia, está cos galegos e coas galegas, e non con Casado, que vén aquí a Galicia facer política de márketing do Partido Popular pero que non trae solucións, senón simplemente a tensión. (*Aplausos.*) E para iso imos traballar tamén na comisión de responsabilidades.

Quería acabar falando dun aspecto que me parece importante, que é o tema tamén das infraestruturas. Porque mire, onte houbo un día histórico para Galicia: a alta velocidade chegou ao noso país, chegou á nosa Comunidade, en dúas horas e cuarto conectando Madrid con Ourense, e esa é unha decisión moi positiva fronte a un goberno da Xunta que en política de infraestruturas nin está nin se lle espera, que non rebaixa as autoestradas do Val Miñor nin de Carballo, que gasta cen veces menos que o Goberno de España en rebaixar as peaxes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E eu quérolle dicir que hai un ano, cando faciamos este debate, dicíamos que iamos facer unha rebaixa histórica nas peaxes da AP-9, e están. E dicíamos que o AVE chegaría a Galicia antes do 2021, e aí está. E ¿saben cal é a credibilidade do señor Feijóo? (*Murmurios.*) O 16 de decembro do ano 2020 Feijóo dicía (*O señor Caballero Miguez mostra un documento.*): reabre a pugna polo calendario do AVE galego, é mellor non enganar, non o imos ter no 2021. Esta é a palabra de Feijóo e esta palabra de Feijóo é o mesmo que valen os orzamentos da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, como era de esperar, non temos novidade respecto de ningunha aprobación das máis de catrocentas emendas que presentamos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e basicamente o que temos é unha reafirmación do proxecto que o Goberno galego vai aprobar, por maioría, no día de hoxe.

E nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, queriamos insistir nesta quenda final nunha idea de fondo que tratamos de transmitir ao longo de todos estes meses, que é que nestes momentos vemos como o mundo se tambalea e vemos como o que fai o Goberno galego é basicamente poñer unha venda diante dos ollos. E iso é un problema, é un problema que é dobre, porque cunha venda diante dos ollos manter o equilibrio e non caer é difícil, pero o que está claro é que cunha venda diante dos ollos o que non é posible é avanzar.

E nós o que intentamos coas propostas que formulamos ás diferentes seccións é precisamente iso. Estamos nun momento no que entendemos que non só non temos que estar quietas como país senón que temos que avanzar. Temos que aproveitar este contexto de cambios, de incertezas, de dificultades —que a ninguén se lle escapa que non é doado—, precisamente para convertelo nun momento de oportunidades, e nese sentido foron as nosas emendas. Desde logo, nós entendemos —insistimos— que o que non podemos facer é movernos coa orientación que formulan estes orzamentos, que é un escenario novo ante o que temos un mapa irreal, que houbo —insisto— un terremoto no mundo, e vostedes debuxan o mesmo mapa cos mesmos camiños, cos mesmos obstáculos que antes de que ese terremoto acontecera.

E, polo tanto, o que pode pasarnos como país, o gran risco que corremos, é que nos aconteza como a ese tráiler ao que lle falla o Google Maps e que se mete cunha dimensión de vinte metros por unha corredeira de dous e que vai deixando cousas polo camiño. E, polo tanto, temos que preguntarnos que deixaremos polo camiño. Nós, desde logo, pensamos que con estes orzamentos a liña na que se vai avanzar é a de máis descapitalización do sistema público, dos servizos públicos, máis descapitalización tamén da nosa economía e máis desigualdade social.

Eu falaba ao longo do día de hoxe de datos como que, por exemplo, a porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social aumentou, aumentou a taxa AROPE, e, polo tanto, estamos xa nun avance da desigualdade social. Os datos de pobreza aínda non reflicten o impacto de todo o ano 2020, do ano da pandemia, e, aínda así, vemos como por primeira vez desde 2009 a taxa de pobreza relativa do noso país é superior á estatal, pese ao colchón social que temos aquí moitas veces polas nosas condicións de vida e as nosas condicións so-



ciais. Polo tanto, entendemos que nun país que ten case un cuarto da poboación en risco de pobreza pois, desde logo, esta é unha lectura conformista.

Entendemos que tamén non hai respostas para un mercado laboral que ten máis precariedade e máis temporalidade, especialmente sobre as mulleres e a mocidade, e que tamén hai unha evidente deterioración dos servizos públicos. Polo tanto, non se dá resposta ás necesidades do contexto.

E quero insistir nalgunha cuestión. Ao longo do día de hoxe escoitamos, con grandes discursos, que a sanidade está no mellor momento da súa historia. Aproveitando que xa temos connosco o señor conselleiro de Sanidade, nós insistimos en que non é así e o Goberno galego non está asumindo a realidade que hai fóra deste parlamento.

Eu na miña primeira intervención facía mención a esa folga que está desenvolvendo persoal de atención primaria a día de hoxe na comarca do Baixo Miño. Onte un deses médicos compartía unha información e dicía: «Unha das miñas compañeiras tivo que ir atender unha dor torácica. Nestes momentos, á 1 e cuarto da tarde do día de onte, A Guarda, un médico; Oia, un médico; O Rosal, cero médicos»; é dicir, unha poboación de 20.000 habitantes que tiña nese momento dous médicos para atendelos. Estamos falando da AP-9; xa non queremos ir a outras realidades, como da que falaba antes do Hospital de Valdeorras. *(Aplausos.)*

Outro exemplo: titular do día de onte, de luns: «A falta de persoal volve levar o Sergas a denegar permisos ás enfermeiras cara ao Nadal»; enfermeiras e enfermeiros, non estamos falando de pediatras. Enfermeiros e enfermeiras hainos, non é a desculpa habitual do Goberno galego.

En todo caso, estes son exemplos de que, desde logo, a situación dos servizos públicos non é a que nos intentan vender.

E máis cuestións que saían aquí. Aquí dicíase que había cuestións nas que se concordaba cando menos coa análise da realidade que faciamos desde o BNG. Eu dígollo, señor Puy: eu tamén quero que as empresas poidan vir investir neste país; agora, quero que retorne o investimento que se fai neste país non só a través de beneficios para esas empresas —especialmente aquelas que teñen un modelo extractivista dos nosos recursos naturais—, senón que poida haber un retorno en materia de xeración de riqueza, de valor engadido, etc. E a iso van encamiñadas as nosas propostas, a un cambio de modelo produtivo.

E, desde logo, nós o que pedimos é que haxa un plan B. Claro, porque outro titular que lle leo: «Galicia fía a fondos Next Generation el rescate de sus industrias en crisis». ¿Cal é o problema? ¿Que imos facer cando efectivamente —como xa está acontecendo e estamos todos e todas de acordo tamén— os fondos veñan con atraso, os fondos non sexan suficientes ou os fondos estean asociados a unha capacidade de execución que non ten nin Galiza nin o Estado? ¿Cal é o plan B? Nós o que propoñemos nas nosas emendas son tamén plans B.

Por exemplo, aproveitemos, fagamos algo diferente e aproveitemos a capacidade de aforro galego. É que, segundo os últimos datos —os de xuño de 2021—, a diferenza de créditos e



depósitos neste país é de case 27.000 millóns de euros. Creemos ferramentas como unha banca pública galega, transformando o Igape para que así poida haber por exemplo capacidade de atraer empresas a este país ofrecéndolles oportunidades de crédito competitivas. Fagamos algo diferente. Iso é o que propón o BNG nas súas propostas económicas, sobre todo incardinadas nunha lectura diferente á saída que ten que ter esta crise.

Porque, efectivamente, a pandemia non é unha crise financeira, non vai volver acontecer o que aconteceu na anterior de rescate a Abanca de máis de 66.000 millóns de euros na última conta, que non imos recuperar para o erario público. Pero está habendo outros rescates encubertos de Abanca e non só tamén desas empresas do Ibex 35. E o que reclamamos nós é que hai que facer isto dunha forma diferente para que sexa unha saída que sexa galega e que sexa xusta a esta crise, e o Goberno galego vai en dirección contraria. E que tamén vaia nalgúns casos en dirección contraria o Goberno do Estado ao Goberno galego vénlle moi ben para facer de oposición, pero, desde logo, para este país vaille saír unha mala conta.

Quixera comentar tamén algunha cuestión respecto do que aquí se dicía do ámbito enerxético. Pois si, efectivamente, desde o BNG seguimos saíndo á rúa para protestar contra esta situación, seguimos facendo propostas para que o noso país aproveite o seu potencial produtor e seguimos tamén —claro— sacando as fotos das portas xiratorias; cando deixe de haber fotos de portas xiratorias de PP e PSOE deixaremos de sacalas. (*Aplausos.*)

E, efectivamente, hai unha transición enerxética mal enfocada. Claro, a mellor proba é que está disparada tamén a demanda do carbón, que debería facernos reflexionar. Pero iso acontece así por dúas cuestións fundamentais que nos afectan directamente como país. A primeira é a perda do control público dun sector que é estratéxico; é un control público que vostedes tampouco queren retomar. E iso fai que sexan precisamente as empresas as que orquestran a transición enerxética e non pensan no planeta nin pensan neste país, pensan na súa arca de beneficios. Pero hai outro problema engadido, que é que tampouco a Xunta tivo capacidade de anticipación, porque antes destes orzamentos houbo outros e houbo aquí propostas de facer unha mesa galega para a transición enerxética, houbo propostas de facer algo máis que ese papeliño de directrices enerxéticas que non serviu de nada. E, desde logo, o que é lamentable é que a única preocupación do Partido Popular é facer oposición permanente da proposta de tarifa eléctrica galega. Pois mellor lle iría a este país podendo competir cunha tarifa diferenciada. (*Aplausos.*) E, desde logo, se tan lesivo, tan difícil é xerar enerxía neste país e transportala, pois eu non sei entón por que estamos vivindo un aluvión de solicitudes de implantación de empresas enerxéticas neste país; será porque algo lles sae a conta. En todo caso, seguiremos traballando neste tipo de propostas e noutras que son rexeitadas.

Unha última mención, á cuestión da fiscalidade. Pois tres ideas. A primeira: efectivamente, non só non espremen o marco galego, o marco autonómico, para crear impostos novos ou actualizar os impostos que xa existen en diferentes materias, senón que non van responder, non están respondendo á evidente recentralización fiscal que se está orquestrando desde o Estado en ámbitos como, por exemplo, ambiental. E, desde logo, outra cuestión clara é que van na dirección contraria e baixan os impostos ás rendas máis altas. E aquí caricaturizan que, ben, o BNG quere facer dúas cousas: unha, poñer un muro no Padornelo, e, outra, afogar cunha soga a todos os galegos e galegas para que nos saquen as súas carteiras e nos dean as



súas moedas e billetes. Poden seguir con esa caricatura, que ninguén cre, pero, desde logo, nós o que dicimos é algo moi sinxelo: incrementar máis os impostos a quen máis ten.

Porque o que é unha tomadura de pelo é que se diga que para un salario duns 12.000 euros que pode ter un galego ou galega —que tampouco estaría en tan mala situación económica tendo en conta os datos que demos na primeira parte do debate— vai ter un aforro de 12 euros ao ano, que non lle dá nin para cubrir o que sería a suba dun só enchemento do depósito de gasolina, que se cifra en 20 euros, e que, ao mesmo tempo, pois a quen cobre máis de 150.000 que vaia ter un aforro de 500 euros. Desde logo, iso é o que non nos representa a nós, porque iso é pois seguir con ese modelo Robin Hood á inversa do que falabamos no outro debate.

En todo caso, conclúo xa, señor presidente, cunha última reflexión. Decía Paulo Freire que o mundo non é, que está sendo; e este pedagogo atinaba na súa gran reflexión sobre o cambio constante que vivimos desde a sociedade. E, desde logo, neste debate orzamentario que acaba aquí pois está claro que o Partido Popular escolleu estar quieto mentres todos se moven. Nós, desde logo, temos que manter o noso voto en contra porque este non é o proxecto de orzamentos que necesita este país. E seguiremos traballando arredor das catro ideas que manifestamos nestas emendas: fortalecer os servizos públicos, apostar por un cambio de modelo económico baseado na innovación, responder á crise climática e tamén avanzar en dereitos sociais. Polo tanto, seguiremos pensando Galiza en grande e seguiremos intentando poñer o pé no acelerador, mentres vostedes intentan seguir freando este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ¡Ah!, claro, para os que estaban só vendo a linguaxe xestual do presidente, que o que me dicía era que acercara os micrófonos e non ningunha outra cousa.

Ben, sigamos.

Eu, xa que dixeron todos que non aceptamos ningunha emenda, intentei obviar ese tal, porque eu entendo que algunha emenda teñen que presentar para dicir ou criticar os orzamentos ou dicir que vostedes os farían doutra maneira. Claro, é que vostedes nas emendas recortan medios. Dixo o señor Caballero que se reducimos o gasto en gabinetes... Pero ¡se hai un informe do Consello de Contas que di que vostedes tiñan 236 no 2008 e agora hai 179, e que gastamos 6,2 millóns en vez de 8 millóns, que era o que gastaban vostedes! Se este presuposto é mellor se reducimos gastos de gabinete, en todo caso é moitísimo mellor que o último orzamento que fixeron vostedes. Fíxese vostede: de 236 a 179, e dimo quen está nun goberno de coalición entre dúas forzas con 23 ministros. En Alemaña acaban de facer un con tres forzas e ten 15 ministros; e multiplique por tal.



Ben, en fin, eu creo que recortan medios, deixan sen orzamento os entes instrumentais — unha cuestión que repiten todos os anos —, sacan os cartos que transfere a consellería ao ente instrumental, manteñen os orzamentos do ente instrumental, pero non hai cartos que cheguen da consellería. É unha cuestión difícil de aceptar.

En política social, quitan 2,7 millóns de euros para persoal de centros de día, para incrementar os investimentos en centros sociais, que xa están nos orzamentos con cargo aos fondos europeos.

En fin, eu creo que non é necesario recordar que o que queren é reducir ou suprimir as transferencias para pagar os profesores da escola concertada. Ou que queren reducir o Fondo de Continxencia en plena pandemia, porque cren que non é necesario. Ou, por exemplo, que en parte estamos gastando mal porque non creamos embaixadas, que é outra das emendas do Bloque.

Ben, isto son pequenos problemas. O peor é que son as mesmas emendas de sempre: o presuposto crece pero nunca chega o que crece, sempre hai que poñer máis impostos, e eu creo que neste momento frearían a recuperación.

Porque, señora Presas, eu o que lle dixen é que o desconto é do 2,60 nos contribuíntes de menos renda e do 0,9 nos que teñen máis renda, o cal quere dicir que temos incrementado a progresividade do conxunto do sistema.

Tamén é evidente que nestes orzamentos levamos 110 millóns de euros para potenciar a innovación, que van para os centros de innovación e o paquete de apoio ás pemes, para o polo aeroespacial das Rozas ou, por exemplo, para a estratexia do sector biotecnolóxico; aspectos que, por certo, non existían cando chegamos ao Goberno de Galicia.

Señor Caballero, a ver, con toda a cordialidade, vaime permitir que lle faga unha pequena brincadeira. Vostede dixo que estes orzamentos eran de dereitas. Eu cando o escoitei non sabía se nos estaba criticando ou estaba pensando que parte do Partido Socialista os podía votar despois de escoitar o que dicía vostede no seu proceso de elección interna, do que defendían de dereitas os que gañaron ao final as eleccións primarias. (*Aplausos.*) Polo tanto, se me permite, vou tomalo como un eloxio. Este é un orzamento que parte do Grupo Socialista ou dos votantes do Grupo Socialista apoiarán.

Ben, tamén falou de quen vén de viaxe a Galicia. Pertencemos a partidos nacionais, é lóxico que veñan os nosos líderes nacionais. O que non é tan lóxico é que uns veñan en Falcon e outros veñan en turista. Eu, desde logo, case preferir, prefiro que veñan en turista. Pero ben, en fin, estas son cuestións menores.

O que é importante é que vostede me dixo que subía a presión fiscal non porque non houbera novos impostos, que hai, porque vostedes o fixeron cando aprobaron os orzamentos do Estado vixentes, senón que era porque ademais o PIB caeu máis. Ben, pois dobre mérito do Goberno. É dicir, non só soben os impostos, senón que a presión fiscal sobe, porque soben os impostos e porque ademais o PIB cae máis que no conxunto de Europa. É certo que parte



cae pola compoñente do turismo, pero Francia e Grecia teñen unha compoñente turística moi acentuada, ¿ou non? E, non obstante, España caeu máis. Posiblemente tivo iso que ver cun peche que..., en fin, con todo aquilo que pasou, que xa debatemos moitas veces, que fixo que a crise en España fose máis intensa que noutras economías que tomaron medidas ante a covid antes das que se tomaron en España.

Critica a falta de consenso; os dous grupos o fixeron. A min o que máis me molestou do que vostede dixo, porque ademais quere dicir que non entende a política orzamentaria nin case moito do sistema do financiamento autonómico, é que di que nós gastamos porque outros nos dan. Isto non é verdade. Nós recibimos o que recibimos, e o que aforramos cos impostos que lles deixamos aos galegos o que van é precisamente nunha mellora de eficiencia no gasto. Pero non recibimos ou non substituímos o que nos dan para poder aforrar impostos aos galegos. Iso —permítame que lle diga— é unha tontería. É dicir, nós recibimos o que nos dá o sistema de financiamento autonómico e, evidentemente, aí non podemos facer ningún axuste. Os que facemos nalgún imposto que recada o Estado notarémolo no futuro, por exemplo o imposto sobre a renda. Pero recae exclusivamente sobre nós. Non estamos gorroneando a ninguén.

E se se refire aos fondos europeos, eu quero dicirlle que entón aquí hai alguén que está gorroneando a Galicia. Porque vostede sabe perfectamente, porque está xa debatido nesta cámara, que se tiveramos distribuídos os fondos covid, o Fondo REACT, as axudas aos sectores do Real decreto lei 5/2021 ou o Fondo MRR, de acordo co sistema de financiamento autonómico, Galicia tería ingresado 610 millóns de euros máis dos que ingresou por ese apoio, que, ademais, tampouco vén do Goberno de España, que vén de Europa. O que fai o Goberno de España é repartilos de tal maneira que, con relación á repartición do sistema de financiamento autonómico, Galicia perde 610 millóns de euros. Así que sexamos un pouco serios e, por favor, non diga o que non hai.

Sobre os fondos europeos, eu creo que é importante que vostede, en vez de dicir que non hai un proxecto, defenda os proxectos que ten Galicia. Xa llos explicaron. Pedímoslle que nos dera algunha proposta de fondos. Non deu ningunha, nin unha soa. Non dixo como aproveitar os fondos Next Generation da Unión Europea cando o convidou o presidente neste pleno, non lle pasou un papel. Cando o fixo a vicepresidenta primeira do Goberno, respónduselle e priorizáronse os catro que lle indiquei antes. Eu creo que sería bo que vostede apoiara e non dixera que non hai ningún proxecto.

Despois hai acordos que se incorporan a estes orzamentos que veñen da Comisión de Reactivación. Vostede apreciaría —supoño que favorablemente— que os acordos aos que chegamos na Comisión de Reactivación para o incremento do SAF se incorporan e se melloran nos orzamentos do ano 2022. Pero claro, isto nin sequera o recoñece, co cal, en fin... É difícil, é difícil chegar a acordos. Polo menos, xa que hai algún, louvémonos de que, efectivamente, hai algún acordo.

¿Que non hai prioridades? Claro que hai prioridades. Máis gasto social, máis investimento público, menos débeda e máis recursos en mans dos cidadáns. Iso é o que traducen estes orzamentos: 11.627 millóns de euros, os maiores da historia de Galicia. O maior gasto social da historia: 8.660 millóns de euros para a sanidade pública, o ensino, as políticas sociais e o em-



prego. Un aforro bruto de máis de 840 millóns de euros, que permite subir os investimentos, e somos a comunidade que máis inviste con cargo aos seus fondos non financeiros; en total, gasto non financeiro, ata máis de 2.500 millóns de euros. E, ademais, temos unha política fiscal que —insisto— permite capitalizar ás familias nun momento de caída do poder adquisitivo, nun momento en que hai que reactivar o consumo, nun momento en que é necesario capitalizalas para que se poida saír da recesión con investimento e con consumo. E ao mesmo tempo coa débeda máis baixa das comunidades de réxime común na súa evolución nos últimos tempos.

E cremos que isto é o que necesita o país, porque apoian as familias, porque reforzan o gasto social e o investimento produtivo, porque controlan a débeda con menor gasto en xuros, porque modernizan os servizos públicos, porque blindan as infraestruturas sanitarias e porque nos van permitir volver á senda de crecemento que o anterior conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, designaba como crecemento san.

E precisamente recordando a Valeriano Martínez, e agradecendo o recordo que fixo o portavoz socialista, así como a participación da portavoz do Bloque Nacionalista Galego na homenaxe que fixeron o outro día no pazo de San Caetano, quero terminar este discurso. Alí onde estea, seguro que hoxe, se nos ve aprobar os orzamentos que el deixou deseñados e que grazas ao compromiso do seu equipo conseguiron entrar en prazo e completamente en data nesta cámara, seguro que recibe esta aprobación cun sorriso dos seus.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública pide a palabra.)

O señor conselleiro de Facenda quere facer uso da palabra. Déanlle voz ao escano.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Si. Rematado o debate, simplemente quería agradecer o traballo realizado polos grupos da Cámara e polo persoal da Cámara, que se pode resumir no expositivo que fixo a presidenta da Comisión 3ª no inicio da sesión, e que este traballo, este debate que remata hoxe colaborará a que os orzamentos entren en vigor o 1 de xaneiro do vindeiro ano de xeito normal. E que pola parte do Goberno executaremos estes orzamentos tentando que se fagan realidade as previsións que neles se conteñen, que colaboren a acadar os obxectivos que fixan e que apuntalen e consoliden unha saída forte da crise para Galicia e os galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de comezar as votacións, comunicar que se recibiu un escrito na Mesa do Parlamento onde o deputado Martín Seco García, ao abeiro do artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento



de Galicia, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces do 13 de outubro de 2020, pide a delegación de voto, que fará para as sesións dos días 21 e 22, e faino no portavoz do seu grupo parlamentario, don Gonzalo Caballero Miguez. Xa se falou cos de Informática para que se poida incorporar nestas votacións de agora.

Entón, comezamos as votacións.

Votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: O esquema das votacións vai ser en catro grupos. Primeiro votaremos as emendas de cada un dos grupos emendantes ao articulado; nun segundo grupo, a votación das emendas de cada un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais; nun terceiro grupo, o articulado; e no cuarto, a votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

É un proceso que xa saben que ten a súa complexidade. Imos ver se nos sae ben, outras veces saíunos ben, hoxe non ten por que saír mal, pero ben, imos facelo ben.

Entón, comezamos. Primeiro imos votar de xeito conxunto as emendas de cada grupo parlamentario ao articulado.

Votación das emendas ao articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto da 1 á 53, 55 e 59 e da 61 á 72.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 53, 55 e 59 e 61 a 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego da 1 á 30 e da 32 á 35, pero hai unha petición, que a formula o Grupo Socialista, de que se separen en concreto a número 4, 5, 14 á 19, 21 e 22. Votamos, polo tanto, estas que se separan, en primeiro lugar.

Votamos.



Votación das emendas ao articulado núms. 4, 5, 14 a 19, 21 e 22 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación das emendas ao articulado núms. 1 a 30 e 32 a 35, agás as núms. 4, 5, 14 a 19, 21 e 22, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas de cada un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas.*

Entón, comezamos votando en primeiro lugar as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, onde piden unhas votacións separadas. En concreto, pide a votación separada da sección número 07, Consellería de Facenda e Administración Pública.*



Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, si, aquí mo piden. *(Pausa.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Hai un erro que non é de vostedes, é noso. En concreto, só pide que se separen as do Servizo Galego de Saúde.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A ver, din que non. Din que non, tampouco.

A min estanme comunicando agora que se desglosen as emendas do Servizo Galego de Saúde, que piden os socialistas que se desglosen. Este é o escrito que mandaron vostedes aquí, en concreto, a 270... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non, dígame vostede o que é.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

Déanlle voz ao escano do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: O que se trasladou á Mesa foi a petición de votación separada da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade), por completo, e da sección 12 as emendas 270, 271, 273, 274, da 297 á 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e a 348 á 358.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Pero esas son ao Servizo Galego de Saúde, emendas do BNG *(Murmurios.)* ao Servizo Galego de Saúde. Estamos nesa votación e vostedes piden que se separen estas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, xunto coa sección 10 completa.

O señor PRESIDENTE: Non, pero iso vai despois.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¡Ah!, ben, vale, pois entón...

O señor PRESIDENTE: Claro, estamos votando as emendas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Se falamos todos, non nos entendemos. É mellor que mo diga o letrado, que é o que sabe.

(Pausa.)



O que me din é que vostede quere votar por separado no grupo do BNG estas emendas ao Servizo Galego de Saúde, as que vostede acaba de ler.

(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, pois imos votar esas. E despois, cando chegue o momento, votaremos o que vostede me dicía da sección 10, pero aínda non chegou ese momento.

Entón, imos votar nas emendas do Bloque Nacionalista Galego o que vostede pide que se separe, que son as emendas ao Servizo Galego de Saúde que vostede leu antes, que, se quere, volvo ler agora.

(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)

Entón, votamos en concreto as emendas que pide o Grupo Parlamentario Socialista que se separen.

Votamos.

Votación das emendas núms. 270, 271, 273, 274, 297 a 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e 348 a 358 á sección 12 (Servizo Galego de Saúde) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto das emendas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, si, hai que votalas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Aquí o que nos remitiron foi que vostedes querían votar por separado a sección 10 (Conseillería de Cultura, Educación e Universidade), pero non se refire ás emendas.

(Pausa.)

Agora votamos as emendas do BNG á sección 10 e o resto das emendas ao Servizo Galego de Saúde do BNG.

¿Vostede pediu...?



(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(Pausa.)

Claro, é que isto así, sobre a marcha, é moi malo de entender, porque opinan dun lado, opinan doutro, opinan do medio, e isto, como comprenderán, é unha cousa difícil de entender. Imos ver se nos aclaramos todos. Entón, na sección 10 vostede pide nas emendas do BNG votalas por separado.

Imos votar iso.

Votamos.

Votación das emendas á sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Universidade) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Entón, resto de emendas do grupo parlamentario. Aquí puxérono moi mal, pero agora é como din vostedes.

Votamos.

Votación das emendas á sección 12 (Servizo Galego de Saúde), agás as núms. 270, 271, 273, 274, 297 a 299, 310, 328 a 332, 335, 336, 338 a 341, 344 a 346 e 348 a 358 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto articulado

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o articulado. Sométese a votación o texto articulado do ditame da Comisión.

Votamos.



Votación do texto articulado do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame da Comisión.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora, tamén en votación conxunta, todas as seccións e entidades públicas instrumentais.*

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

¿Si, señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: *Desculpe, señor presidente. Xa sabe vostede que foi unha mañá axetreada no meu grupo parlamentario. Desculpe que non o solicitamos por escrito. Queríamos pedir a votación separada das seguintes seccións: 01 (Parlamento de Galiza); 02 (Consello de Contas); 03 (Consello da Cultura Galega), 20 (Consello Consultivo), e, finalmente, tamén a votación separada das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, é dicir, Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais.*

Grazas.

O señor PRESIDENTE: *¿As dúas últimas entidades?*

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Votamos entón estas por separado, pero ¿así quedan incluídas tamén as que pedían vostedes?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O Grupo Parlamentario Socialista eu teño aquí que solicitara votar por separado a 01, a 02 e a 03 (Parlamento, Consello de Contas e Consello da Cultura).

O Bloque acaba de pedir tamén por separado a 01, a 02 e a 03.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: *Entón, empezamos coa do Grupo Parlamentario Socialista, que pide que se separen logo a 01, a 02 e a 03, que son Parlamento, Consello de Contas e Consello da Cultura.*

Votación das seccións 01 (Parlamento de Galicia), 02 (Consello de Contas) e 03 (Consello da Cultura Galega) do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións.

O señor PRESIDENTE: E, por último, hai que votar o resto que expresou a señora Presas, que tamén dixo aquí que as separara, excepto esta que xa votamos. Ou sexa, que serían as entidades públicas instrumentais, estas dúas que dixo, e a 20.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Correcto, é a 20.

Votamos.

Votación da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia) e das entidades públicas instrumentais Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 14; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas esta sección e estas entidades públicas instrumentais.

O señor PRESIDENTE: E agora queda a última votación, a votación conxunta dos orzamentos das restantes seccións e entidades públicas instrumentais.

Votamos.

Votación das seccións e das entidades públicas instrumentais non votadas do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións e entidades públicas instrumentais.

O señor PRESIDENTE: Realizada a votación dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas, son aprobados pola votación que acabo de comentar, e, por conseguinte, son aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. *(Aplausos.)*

E aquí levántase a sesión.

Remata a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

